- Ao longo do curso, e despois de cada tema, dedicarase un tempo á lectura dun texto que teña relación co tema tratado.
- Tamén ao longo do curso traballarase sobre un libro de divulgación científica de lectura obrigada para o alumnado.

Da lectura dos textos anteriormente citados deben desenvolverse os traballos seguintes:

- Elaborar un resume do texto onde quede claro o tema que se trata, así como a idea principal do texto.
- Facer un glosario de termos científicos encontrados no texto e que requiran dunha mellor comprensión. Valorarase a utilización do dicionario, así como recorrer a outras fontes de información para entender ditos termos.

BACHARELATO

Se a intensidade que se dedica a este apartado na ESO, neta materia procurarase un fomento da lectura e pretendemos que se cumpran os seguintes obxectivos para o noso alumnado:

- Ler de maneira comprensiva textos científicos de Química acordes co nivel de ensino onde se atopa.
- Adquirir unha linguaxe científica o máis clara posible, sendo capaz de incorporala a súa linguaxe habitual.
- Para cumprir con estes obxectivos propoñemos unha serie de actividades que desenvolveremos durante todo o curso académico. Estas actividades son as seguintes:
- Lectura do libro de texto, non limitándose o estudo duns apuntamentos.
- Fomento da lectura de libros de divulgación científica.
- Fomento da lectura de artigos de revistas divulgación científica.

Recomendacións de lectura:

- *Introducción ás relatividades de Einstein* de Ramón Vilalta López (Xerais básicos Ciencia)
- *La ridícula idea de no volver a verte* de Rosa Montero (Seix Barral)

**G. FRANCÉS**

Estas son as lecturas propostas polo Departamento de Francés para o presente curso:

2º de Bac. *Le grand Meulnes* de Alain Fournier. Editorial S.M.

1º de Bac. *L ´Ëtranger* de Albert Camus.

4º ESO: *La Vénus d´ille* de Prosper Mérimée. Editorial S.M.

3º ESO: *Le match* de Thomas de Nicolas Boyer.

2º e 1º ESO *La momie du Louvre*, Régine Boutégère, Susana Longo. Editorial Chat Noir *Un étrange voisin*, Claire Miquel, Editorial Santillana Français.

Recoméndase a biblioteca a suscripción da revista: *Mon quotidien*.

**H. GREGO e LATÍN**

1.- CULTURA CLÁSICA (3º ESO).

a) Na aula. Adicamos todos os días metade da clase a facer lectura en voz acta para practicar dicción e a entoación. Para isto son moi útiles os libros de Anne-Catherine Vivet- Rémy (*Los viajes de Ulises, Rómulo y Remo, Teseo y el Minotauro, Los trabajos de Hércules…*). Despois o alumnado debe facer actividades a partir desas lecturas, que abranguen exercicios de léxico, de comprensión lectora, de síntese e de expresión escrita. Por outra banda, cada trimestre os alumnos deben facer un traballo de investigación sobre un tema relacionado co mundo clásico consistente nunha presentación con diapositivas. Despois, deben expoñelo diante dos seus compañeiros. Para buscar a información sempre recomendamos a consulta dalgún libro ou dalgún artigo, ademais de páxinas web e blogs.

b) Recomendamos. Alamillo Sanz, Assela: *La mitología en la vida cotidiana. En la lengua. En las ciencias. En la geografía*, Áurea Clásicos, Madrid, 2017. García Gual, Carlos: *Mitos, viajes, héroes*, Fondo de cultura económica, Madrid, 2011. García Gual, Carlos: *Introducción a la mitología griega*, Alianza, Madrid, 2013. García Gual, Carlos: *Historia mínima de la mitología*, Turner, Madrid, 2014. García Gual, Carlos: *Sirenas. Seducciones y metamorfosis*, Turner, Madrid, 2014. Garrido, Andoni: *Las locas aventuras de la mitología griega*, Esfera de los libros, Madrid, 2022. Grenier, Cristian: *Cuentos y leyendas de los héroes de la mitología*, Anaya, Madrid, 2002. Hernández de la Fuente, David A: *Mitología clásica*, Alianza, Madrid, 2015. Morales, Helen: *El resurgir de Antígona. El poder subversivo de los mitos*, Kairós, Barcelona. Ruiz de Elvira, Antonio: *Mitología clásica*,

Gredos, Barcelona, 2015. Solé, Joan: *Los mitos griegos y nosotros, Viaje a los cimientos de la civilización occidental,* Shackleton Books, Barcelona, 2022. Unceta Gómez, Luis y González Vaquerizo, Helena (eds): *En los márgenes del mito. Hibridaciones de la mitología clásica en la cultura de masas contemporánea*, UAM ediciones, Madrid, 2002.

2 .- ORATORIA (3º ESO).

a) Na aula. Igual en que Cultura Clásica, tamén na materia de Oratoria adicamos todos os días metade da clase a facer lectura en voz alta para practicar a dicción a entoación. O temas das lecturas teñen que ver co programa da materia: feminismo, dsigualdades no mundo, política e actualidade... A partir destas lecturas, facemos unha análise crítica do texto, primeiro, e un debate, despois. A continuación, os alumnos teñen que facer na aula ou na casa fichas de actividades con exercicios de comprensión lectora, léxico, síntese e expresión. Outro exercicio que facemos habitualmente consiste en dramatizacións a partir de textos teatrais, ben a partir de textos xa publicados, ben a partir de textos elaborados polo propio profesor. Cada semana os alumnos teñen que facer unha pequena tarefa de síntese ou creación. Unhas veces é unha síntese ou esquema a partir dun texto previo facilitado polo profesor. Outras veces é unha actividade de creación: unha entrevista imaxinaria a un personaxe histórico, un artigo de opinión sobre un tema de actualidade, etc. Por último, ao final do trimestre o alumnado debe entregar un traballo de investigación sobre un tema elixido de entre os que aparecen nunha lista proposta polo profesor. Insístese moito na conveniencia de consultar algún libro ou artigo, ademais de páxinas web e blogs.

b) Recomendamos. A.K: Afganistán: *una república del silencio. Recuerdos de un estudiante afgano*, Akal, Madrid, 2021. Alonso López, Javier, *Discursos históricos. Del Sermón de la montaña a Mandela*, Arzalia ediciones, Madrid, 2022. Bárbulo, Tomás: *La historia prohibida del Sáhara Español. Las claves del conflicto que condiciona las relaciones entre España y el Magreb*, Destino, 2011. Ayestaran, Mikel: *Oriente Medio, Oriente roto. Tras las huellas de una herida abierta*, Península, 20021. Calvillo Cisneros, José Miguel: *Afganistán: un conflicto permanente. Factores y dinámicas para entender una guerra interminable*, Ediciones Trea, Asturias, 2022. Huband, Mark: *África después de la Guerra Fría. Una promesa rota de un continente*, Paidós, Barcelona, 2004. Instituto Cervantes: *Saber hablar*, Debate, Madrid, 2022. Martín de Pozuelo y Yitzhak: *El*

*yihadismo. Claves de un fanatismo global*, Cátedra, Madrid, 2021. Schlögel, Karl: *Ucrania, encrucijada de culturas. Historia de ocho ciudades*, Acantilado, 2023.

3 .- LATÍN (4º da ESO).

a) Na aula. Un dos obxectivos da materia é que os alumnos sexan capaces de ler e entender textos sinxelos sobre o mundo clásico. Para iso traballamos cunha antoloxía de textos breves adaptados facilitada polo profesor. Para traballar o nivel oral, facemos diálogos con frases sinxelas para que os alumnos interioricen un vocabulario básico de uso frecuente: *salutationes* (os saúdos), *qualis est?* (descrición do físico e do carácter dunha persoa), *officium* (os nomes dos oficios en latín), *animalia* (os animais en latín)… Ademáis do seu interese per se, o latín pode e debe contribuír decisivamente a que o alumnado enriqueza o seu léxico nas linguas vernáculas e nas linguas estranxeiras do currículo, a que mellore a ortografía e, por último, a que acade o nivel de expresión oral e escrita esperable nun alumno que vai rematar a ESO. No apartado do léxico dámolle moita importancia ao estudo da etimoloxía do vocabulario. Coñecer a etimoloxía dunha palabra é coñecer a súa cerna. Neste eido son moi útiles: Buitrago, Alberto e Torrijano, Agustín J.: *Diccionario del origen de las palabras. El origen desconocido y curioso de las palabras*, Espasa, Madrid, 2007. Del Río, Emilio: *Latín lovers. La lengua que hablamos (aunque no nos demos cuenta)*, Planeta, Barcelona, 2019. Marcolongo, Andrea: *Etimologías para sobrevivir al caos. Viaje al origen de 99 palabras*, Taurus, Barcelona, 2021. Marcolongo, Andrea e Ucini, Andrea: *El viaje de las palabras*, Zahorí de ideas, Barcelona, 2022. Ao final do trimestre, os alumnos deben entregar un traballo sobre un tema cultural relacionado co mundo clásico. Insistimos sempre na necesidade de cotexar distintas fontes de información para realizar a partir delas unha síntese crítica, persoal e creativa.

b) Recomendamos. Barceló Chico, Isabel: *Mujeres de Roma. Heroísmo, intrigas y pasiones*, Sargantana, Valencia, 2018. Carcopino, Jérôme: *La vida cotidiana en Roma en el apogeo del imperio*, Temas de hoy, Barcelona, 2001. Mañas, Alfonsso: *Gladiadores. El gran espectáculo de Roma*, Ariel, Barcelona, 2018. Montanelli, Indro: *Historia de Roma*, Plaza & Janés, Barcelona, 1994. Muñoz – Santos, María Engracia: *Gladiadores, fieras, carros y otros espectáculos en la antigua Roma*, Editorial Síntesis, Madrid, 2022. Muñoz – Santos, María Engracia: *Animales in harena. Los animales exóticos en los espectáculos romanos*,

Confluencias, Almería, 2022. Segura Munguía, Santiago: *Gramática latina. Nueva trilogía sobre la lengua latina*, Universidad de Deusto, Bilbao.

4.- LATÍN 1 (1º DE BACHARELATO)

a) Na aula. Suponse que a maioría do alumnado que se matricula no Bacharelato de humanidades xa coñece o funcionamento básico da morfosintaxe latina (aínda que sempre pode haber algún alumno que non cursara esta materia na ESO). O obxectivo deste curso é que os alumnos e as alumnas sexan capaz de ler textos clásicos: primeiro, adaptados, despois na súa forma orixinal. É fundamental establecer unha gradación na complexidade lingüística e cultural dos textos para facilitar o progreso do alumnado e para conseguir que todos os matriculados na materia vaian avanzando ata o nivel máis alto sen abandonos ou momentos de frustración. No estudo do latín, como acontece en calquera outra lingua, é moi importante a aprendizaxe de léxico. Estúdanse os principais campos semánticos (a familia, a escola, os oficios...) e o obxectivo é chegar a dominar un vocabulario básico de uso frecuente. Na tradición didáctica do latín, o uso do diccionario converteuse moitas veces en abuso e é unha eiva que hoxe hai que superar. O alumno poderá usar o dicionario no terceiro trimestre do curso e, por suposto, no segundo curso de Bacharelato, pero non antes. Cando chegue o momento de usar o diccionario, é importante partir dunha serie de técnicas para sacarlle o máximo partido. Ao final de cada trimestre todos os alumnos que cursan a materia deben presentar un pequeño traballo de investigación sobre un tema relacionado co mundo clásico. Dun alumno de Bacharelato espérase que sexa quen de entender que un facer un traballo é algo máis que pasar a información de internet a outro formato, como impres, canva, etc. Insistimos sempre na necesidade de acadar primeiro un dominio profundo do tema e unha información de calidade *(inventio*) mediante a consulta non só de webgrafía, senón tamén de bibliografía. Despois, é necesario presentar esa información de forma persoal, atractiva e orixinal (*dispositio*).

b) Recomendamos. Monteil, Pierre: *Elementos de fonética y morfología del latín*, Universidad de Sevilla, Sevilla, 2013. Segura Munguía, Santiago: *Nuevo diccionario etimológico latín-español y de las voces derivadas*, Universidad de Deusto, Bilbao, 2010. Segura Munguía, Santiago: *Gramática latina. Nueva trilogía sobre la lengua latina*, Universidad de Deusto, Bilbao, 2012. Segura Munguía, Santiago: *Método de latín I. Nueva*

*trilogía sobre la lengua latina*, Universidad de Deusto, Bilbao, 2012. Segura Munguía, Santiago: *Método de latín II. Incorpora clave y vocabulario latino*, Universidad de Deusto, Bilbao, 2012. Valentí Fiol, Eduardo: *Gramática de la lengua latina. Morfología y nociones de sintaxis*, Bosch, Barcelona, 1999. Valentí Fiol, Eduardo: *Sintaxis latina*, Bosch, Barcelona, 2011.

**I. INGLÉS**

1º ESO

Ler e entender frases simples (anuncios, catálogos, pósters….)

Ler textos curtos e simples (cartas persoais, horarios, menús….) con exercicios de comprensión de onde extraer a información xeral ou pequenos detalles.

2º ESO E 3º ESO

A través do material de lectura do programa propio do curso, preténdese mellorar as habilidades lectoras, a comprensión de textos en Lingua Inglesa e a interiorización do novo vocabulario

Cada unidade do curso ofrece material de lectura en gran grupo, centrado no tema da unidade coas súas correspondentes actividades que axudarán na mellora das habilidades de comprensión e expresión oral.

4º ESO

Cada unidade do curso ofrece material de lectura en gran grupo, centrado no tema da unidade coas súas correspondentes actividades que axudarán na mellora das habilidades de comprensión e expresión oral.

BACHARELATO

Son obxectivos de bacharelato interpretar e ler textos orais, escritos e visuais dos medios de comunicación de xeito autónomo, textos que presenten estruturas organizativas con fins concretos e diversos. É importante facer fincapé na interpretación de textos escritos e na utilización de información proporcionada polos mesmos. O alumnado traballa as destrezas de lectura a través de textos de temática actual lidos en voz alta ou de xeito individual para poder traballar a continuación

actividades de dedución de significados, busca de ideas principais e secundarias e organización textual.

En todos os niveis e sempre que sexa posible levaranse material auténtico de lecturas como artigos de revistas, e periódicos , extractos de lecturas graduadas, e lecturas sobre festividades e celebracións relacionadas coa cultura inglesa.

Recoméndase a lectura de lecturas graduadas e adaptadas a cada un dos niveles educativos , tanto de autores clásicos como actuais que poden encontrar na biblioteca do centro.

**L. LINGUA CASTELÁ E LITERATURA**

1º ESO

LECTURAS OBRIGATORIAS

Laura Gallego, *El valle de los lobos*. SM.

*Cuentos* de Poe. (Antología elaborada por algunos miembros del Departamento).

Alonso de Santos et al., *Teatro breve*. Everest.

LECTURAS DE AMPLIACIÓN

ITINERARIO 1 De viaxe

A viaxe é un tema presente nas obras literarias de todos os tempos. Na aula, leremos fragmentos das seguintes obras:

La *Odisea* de Homero

*Libro de las maravillas* de Marco Polo

*Robinson Crusoe* de Daniel Defoe

*Los viajes de Gulliver* de Jonathan Swift

*Emilio y los detectives* de Erich Kästner

*Al oeste con la noche* de Beryl Markham

*Alas quisiera tener* de Concha Méndez

ITINERARIO 2 Mundos fantásticos

Moitas obras literarias convídannos a vivir sorprendentes aventuras en mundos fantásticos e en escenarios imaxinarios poboados por estraños e fabulosos seres. Na aula, leremos fragmentos das seguintes obras:

*La tierra de Jauja* de Lope de Rueda

*El maravilloso mago* de Oz de Lyman Frank Baum

*La historia interminable* de Michael Ende

*El hobbit* de J. R. R. Tolien

*El león, la bruja y el armario* de C. S. Lewis

ITINERARIO 3 *Citius, altius, fortius*

*Citius, altius, fortius* (Máis rápido, máis alto, máis forte), o lema dos Xogos Olímpicos, dá título a un itinerario formado por obras que teñen en común as súas referencias deportivas. Na aula, leremos fragmentos das seguintes obras:

*Alicia en el País de las Maravillas* de Lewis Carroll

*Harry Potter y la piedra filosofal* de J. K. Rowling

*Cómo ganar el Giro bebiendo sangre de buey* de Ander Izagirre

*La bruja Leopoldina y otras historias reales* de Miguel Delibes

*Boy* de Roald Dahl

*Tokio en el corazón* de Jorge Gamero

*Un año pésimo* de John Fante

*Mis amigos poetas futboleros* de Daniel Rodríguez Moya

2º ESO

LECTURAS OBRIGATORIAS

Susan Hinton, *Rebeldes*. Alfaguara.

Conan Doyle, *El misterio de los bailarines*. El lucero de plata. Vicens Vives.

Ruiz Zafón, *El príncipe de la niebla*. Booket.

LECTURAS DE AMPLIACIÓN

ITINERARIO 1 De medo

Este itinerario será unha pasaxe de terror. Na aula, leremos fragmentos das seguintes obras:

*El fantasma de Canterville* de Oscar Wilde

*Frankenstein* de Mary W. Shelley

*El corazón delator* de Edgar Allan Poe

*El hombre de arena* de E. T. A. Hoffmann

*Me voy con vosotros para siempre* de Fred Chappell

*La resucitada* de Emilia Pardo Bazán

*La resucitada* de Luis Alberto de Cuenca

ITINERARIO 2 Distopías

Neste itinerario experimentarás intensamente sensación de falta de libertade. Na aula, leremos fragmentos das seguintes obras:

*1984* de George Orwell

*Un mundo feliz* de Aldous Huxley

*Farenheit 451* de Ray Bradbury

*El cuento de la criada* de Margaret Atwood

*La carretera de Cormac* McCarthy

*Todo va a mejorar* de Almudena Grandes

ITINERARIO 3 Aprendizaxes

Nin a infancia nin a adolescencia son caminos de rosas. Hai que aprender moito para superar obstáculos. Na aula, leremos fragmentos das seguintes obras:

*Agnes Grey* de Anne Brontë

*David Copperfield* de Charles Dickens

*Mujercitas* de Louisa May Alcott

*Día de domingo* de Mario Vargas Llosa

*Matar a un ruiseñor* de Harper Lee

*Deseo de ser punk* de Belén Gopegui

*El camino* de Miguel Delibes

3º ESO

LECTURAS OBRIGATORIAS

El *Romancero* (Antología elaborada por algunos miembros del Departamento).

*El Lazarillo de Tormes*. Vicens Vives.

Cervantes, *Novelas ejemplares*. Vicens Vives.

LECTURAS DE AMPLIACIÓN

ITINERARIO 1 Heroes e antiheroes

Algúns dos grandes personaxes da nosa literatura -o Cid, Lázaro, o Buscón, don Juan Tenorio, don Quixote- teñen en común a súa condición de heroes e antihéroes. Na aula, leremos fragmentos das seguintes obras:

*Poema de mio Cid,* Anónimo

*Historia de la vida del Buscón llamado don Pablos* de Francisco de Quevedo

*El burlador de Sevilla* de Tirso de Molina

*Lazarillo de Tormes,* Anónimo

*El castigo de la miseria* de María de Zayas

*Don Quijote de la Mancha* de Miguel de Cervantes

ITINERARIO 2 Amor ferido

Partindo das primeiras jarchas e pasando polo pranto de Melibea, os sonetos de Garcilaso, os poemas de Luisa de Carvajal ou o teatro de Ana Caro de Mallén, o amor ferido deixa a súa pegada na literatura de todos os xéneros e épocas e chega ata as cancións do grupo colombiano Morat ou a serie de esculturas sobre o abandono de Camille Claudel. Na aula, leremos fragmentos das seguintes obras:

*Enviárame mi madre*, Anónimo

*Serranilla* del Marqués de Santillana

*La Celestina* de Fernando de Rojas

*Soneto XXXII* de Garcilaso de la Vega

*Amor y ausencia* de Luisa de Carvajal

*Valor, agravio y mujer* de Ana Caro de Mallén

ITINERARIO 3 Consellos e ensinanzas

Desde o comezo da historia da literatura escribíronse obras que pretenden transmitir valores e ofrecer ensinos sobre como afrontar a vida. Na aula, leremos fragmentos das seguintes obras:

*Libro de buen amor* del Arcipreste de Hita

El Conde Lucanor de Don Juan Manuel

*Mientras por competir con tu cabello…* de Luis de Góngora

*Oráculo manual y arte de prudencia* de Baltasar Gracián

*Don Quijote de la Mancha* de Miguel de Cervantes

*Calila e Dimna*, Anónimo

4º ESO

LECTURAS OBRIGATORIAS

Galdós, *Marianela*. Cátedra.

Lorca, *La casa de Bernarda Alba*. Cátedra.

Laforet, *Nada*. Seix Barral

LECTURAS DE AMPLIACIÓN

ITINERARIO 1 Literatura e Sociedade

Pasando a sociedade polo tamiz da ficción, a literatura fainos revivir o pasado e ver máis alá dos nosos ollos no presente. Na aula, leremos fragmentos das seguintes obras:

*Cartas marruecas* de José Cadalso

*El día de difuntos de 1936* de Mariano José de Larra

*Sab* de Gertrudis Gómez de Avellaneda

*Hijos de la ira* de Dámaso Alonso

*Cinco horas con Mario* de Miguel Delibes

*Historia de una escalera* de Antonio Buero Vallejo

*Animales nocturnos* de Juan Mayorga

ITINERARIO 2 Imaxes da muller

A literatura ten o papel fundamental de creación de estereotipos e o establecemento de modelos. Na aula, leremos fragmentos das seguintes obras:

*La familia a la moda* de María Rosa de Gálvez

*Don Juan Tenorio* de José Zorrilla

*Fortunata y Jacinta* de Benito Pérez Galdós

*La voz a ti debida* de Pedro Salinas

*Bodas de sangre* de Federico García Lorca

*Clavícula* de Marta Sanz

ITINERARIO 3 De Bécquer a *Poetuit*

A poesía é para algún o xénero literario máis sublime, pois leva a linguaxe e as emoción ao límite e é capaz de alcanzar a mellor beleza. Na aula, leremos fragmentos das seguintes obras:

*Rima LII* de Gustavo Adolfo Bécquer

*Era abril*... de Rosalía de Castro

*Yo voy soñando caminos* de Antonio Machado

*El poeta a caballo* de Juan Ramón Jiménez

*El primer día de vacaciones* de Luis García Montero

*La rama* de Octavio Paz

1º BACHARELATO

LECTURAS OBRIGATORIAS

Manrique, *Coplas a la muerte de su padre*. Cátedra.

Cervantes, *El Quijote* (Antología elaborada por algunos miembros del Departamento).

Moratín, *El sí de las niñas*. Cátedra.

LECTURAS DE AMPLIACIÓN

Na aula, leremos fragmentos de obras dos seguintes autores, xéneros e obras:

Alfonso X el Sabio, el Canciller de Ayala, Don Juan Manuel, el *Auto de los Reyes Magos*, el Romancero viejo, a lírica culta, La Celestina, Garcilaso de la Vega, Fray Luis de León, San Juan de la Cruz, *El Lazarillo, Novelas ejemplares* de Miguel de Cervantes, Luis de Góngora, Francisco de Quevedo, Lope de Vega, Feijoo, Cadalso, Jovellanos, Moratín, Iriarte e Samaniego.

1º BACHARELATO LITERATURA UNIVERSAL

LECTURAS OBRIGATORIAS:

Shakespeare, *Hamlet*.

Novela do século XIX. Os alumnos lerán unha obra destes autores: Jane Eyre, Mary Shelley, Bran Stocker, Mark Twain, Robert L. Stevenson, Joseph Conrad, Herman Melville, Alejandro Dumas, Victor Hugo, Gustave Flaubert, Feodor Dostoievsky, Lev Tolstoi, entre outros.

Novela do século XX: Os alumnos lerán unha novela destes escritores: Virginia Woolf, Francis S. Fitzgerald, Ernest Hemingway, John Steinbeck, Ray Bradbury, Patricia Highsmith, J.R.R. Tolkien, C.S. Lewis, J.K. Rowling, Albert Camus, Marguerite Duras, entre outros.

LECTURAS DE AMPLIACIÓN

Na aula, leremos fragmentos de obras dos seguintes autores oue obras:

Literatura egipcia, mesopotámica, hindú e china da Antiguidade, a *Biblia*.

Homero, Sófocles, Aristófanes, Virgilio, Apuleyo, Ovidio.

Bernart de Ventadorn, El Cantar de los nibelungos, Cantar de Roldán, Chrétién de Troyes.

Dante, Petrarca, Boccaccio, Chaucer, Montaigne.

Shakespeare, Moliêre, Milton.

Daniel Defoe, Voltaire, Goldoni, Choderlos de Laclos.

Goethe, Lord Byron, Keats, Victor Hugo, Emily Brontë, Edgar Allan Poe.

Zola, Dickens, Tolstoi, Eça de Queirós, Maupassant, Mark Twain, Gustave Flaubert.

Baudelaire, Mallarmé, Rimbaud, Verlaine.

Chejov, Ibsen, Strindberg, Wilde.

Yeats, Pessoa, Maiakovski, Kavafis, Éluard, Eliot, Ginsberg.

Proust, Joyce, Woolf, Dos Passos, Kafka. Duras, Durrell, Calvino, Capote, Mishima, Camus.

Jarry, Brecht, Sartre, Ionesco, Miller, Beckett.

2º BACHARELATO

LECTURAS OBRIGATORIAS

García Márquez, *Crónica de una muerte anunciada*. Mondadori.

Buero Vallejo, *La fundación*. Austral

Lorca, *Romancero gitano*. Cátedra.

Grandes, *El lector de Julio Verne*. Tusquets.

LECTURAS DE AMPLIACIÓN

Na aula, leremos fragmentos de obras dos seguintes autores:

Galdós, Clarín, Pardo Bazán, Rubén Darío, Delmira Agustini, Baroja, Unamuno, Azorín, Antonio Machado, Juan Ramón Jiménez, Salinas, Lorca, Alberti, Cernuda, As Sinsombreiro, Lorca e Valle-Inclán, Miguel Hernández, Blas de Otero, Gil de Biedma, Gloria Fuertes, Miguel Delibes, Camilo José Cela, Carmen Laforet, Luis Martín Santos, Buero Vallejo, Alfonso Sastre, Borges, Cortázar, García Márquez, Vargas Llosa, Almudena Grandes, Antonio Muñoz Molina, Eduardo Mendoza e Rosa Montero.

CELEBRACIÓN DO DÍA DO LIBRO. Elixirase un autor como cada ano ao que se dedicará unha homenaxe e  o recitado de lecturas seleccionadas para cada curso.

A avaliación destas lecturas realizarase de diferentes maneiras: control de lectura, elaboración de traballo... Os profesores encargábanse de contextualizar os textos coa información pertinente relativa aos autores, á época, aos temas, personaxes, estrutura, #etc... Insistirase moito na necesidade de programar a lectura con tempo, en facilitar a motivación do alumnado, na importancia de extraer conclusións do lido.

Considérase requisito imprescindible para a aprobación da materia o superar os obxectivos desta lectura. Na nota da avaliación pondérase un 10 por cento. Algúns

profesores redondean notas cara arriba en casos dubidosos, se os alumnos expoñen en clase un traballo sobre algún libro previamente pactado con eles.

**M. LINGUA GALEGA E LITERATURA**

O Proxecto Lector do Centro é unha das ferramentas para o desenvolvemento da destreza lectora do alumnado. Dado o carácter instrumental directo da lectura, esta é un instrumento esencial para todo tipo de aprendizaxes no marco académico e curricular.

Trátase de conseguir lectores e lectoras competentes, capaces de interpretar, reformular, comunicar, valorar e emitir xuízos críticos sobre o que len.

Tanto na programación didáctica e curricular da ESO como na do Bacharelato, o Departamento de Lingua e Literatura contempla diversas medidas e actividades para potenciar a capacidade e a comprensión lectoras, para o fomento do hábito de lectura: como fonte de gozo e enriquecemento persoal, como ferramenta para a ampliación dos coñecementos e a mellora da propia expresión e para o uso crítico da información obtida mediante lectura.

Para cada curso e nivel están establecidas unha serie de lecturas complementarias (detalladas máis abaixo), pero ademais hai numerosas actividades, no contexto das clases, para o desenvolvemento dos contidos do currículo, en cada curso e nivel, en base á lectura, comentario e comprensión crítica de todo tipo de textos (literarios, administrativos, xornalísticos, etc.). Este curso, engadíronse dúas novidades: unha para 4º ESO e outra para 1ª BAC.

Como estratexias de aprendizaxe lectora contémplase a lectura en voz alta, o recitado e a lectura dramatizada.

Aprovéitanse os recursos da Biblioteca, de xeito que, por exemplo, a práctica totalidade das obras de lectura propostas, están a disposición do alumnado nesa dependencia. Do mesmo xeito, poténciase o seu uso como centro de documentación a disposición do alumnado para preparar traballos, facer consultas, obter datos etc. relacionados coa materia de Lingua Galega e Literatura.

Cómpre salientar tamén a colaboración realizada desde o Departamento de Lingua Galega e Literatura coa Biblioteca, co Equipo de Dinamización Lingüística e co Grupo de Teatro do Instituto nas accións que contribúen ao desenvolvemento do Plan anual de lectura/proxecto lector.

LECTURAS COMPLEMENTARIAS:

- Os alumnos lerán ao longo do curso tres libros de lectura (un como mínimo por cada avaliación). A listaxe é aberta, podéndose engadir algún máis, especialmente aquelas novidades que vaian xurdindo durante o curso e que o profesor considere axeitadas para os alumnos nos diferentes niveis. A biblioteca intentou mercar canta novidade fose requerida para os alumnos.
- Deberán facer unha lectura crítica dos mesmos acorde co nivel ao que pertenzan.
- Serán avaliados mediante un control de lectura ou ben un traballo no que se analizará a estrutura narrativa da obra.

1º ESO

A. García e A. Reigosa, *Lendo lendas, digo versos*.
M. Núñez Singala, *Noite de temporal*
M. P. Campo, *Xoel aprendeu a voar*
Andrea Maceiras, *Alma de elefante*
Antía Yáñez, *Misterio de Portomarín*
Celia Díaz Núñez, *Unha estrela para Amina*

2º ESO
A. Fernández Paz, *Cartas de inverno*
Carlos Negro, *Penúltimas tendencias*
Carlos Labraña, *Mambrú volveu da guerra*

3º ESO
M. Núñez Singala, *O achado do castro*
Fran Alonso, *Poetízate*
Olga Novo, *Nós nus*

Iolanda Castaño, *Mareria*

Daniel Salgado, *Os paxaros*

Ismael Ramos, *Lixeiro*

Marcos Abalde, *Alcatrán*

Ledicia Costas, *O corazón de Xúpiter*

Ledicia Costas, *Golpes de luz*

Andrea Maceiras, *O que sei do silencio*

Andrea Maceiras, *Alma de elefante*

Jareuguizar, *O contador de estrelas*

Marina Mayoral, *Tristes armas*

4º ESO

Andrea Maceiras, *Que me pare o corazón se te esquezo*

Ledicia Costas, *Golpes de luz*

Eva Mejuto,*22 segundos*

1º BACHARELATO

Haberá os seguintes itinerarios lectores:

1. Misterio.
2. Clásicos da Literatura Galega.
3. Clásicos da Literatura Universal.

2º BACHARELATO

Os alumnos deberán seleccionar, en función dos seus gustos e intereses:

Unha obra publicada entre 1900 e 1936.

Unha obra publicada entre 1936 e 1976.

Unha obra publicada entre 1976 e a actualidade.

**N. MATEMÁTICAS**

A materia de matemáticas xa leva implícita a comprensión lectora de enunciados, nas que resulta imprescindible facer unha interpretación completa de todo o que inclúen, clasificando e artellando a información que se atopa neles.

No primeiro ciclo, cando as circunstancias o aconsellen, os alumnos lerán enunciados dos exercicios propostos en alto para favorecer o obxectivo da lectura comprensiva, ámbito fundamental da competencia lingüística.
Nesa liña, tamén nos casos axeitados, esixirase que nas respostas dos exames expliquen e xustifiquen nos mesmos as solucións respectivas. Deste dobre xeito preténdese que os alumnos melloren o seu grao de lectura comprensiva e a súa capacidade de expresión. En definitiva, que progresen na súa competencia lingüística.

Ao tempo, en sintonía co Proxecto Lector, en cada trimestre e para cada nivel educativo, facilitarase unha relación de libros recomendados que gardan relación coas matemáticas:

**Lista de lecturas:**

El asesinato del profesor de matemáticas. http://www.ieselpicacho.es/biblioteca/wp-content/uploads/2016/01/El-asesinato-del-profesor-de-matematicas-Jordi-Sierra-i-Fabra.pdf

El hombre que calculaba
http://www.librosmaravillosos.com/hombrecalculaba/index.html

El gran juego
http://www.juntadeandalucia.es/averroes/centros-tic/21700642/helvia/sitio/upload/El_Gran_Juego.PDF

El curioso incidente del perro a medianoche
http://iesaricel.org/rafanogal/eso/4acad-19-20/el%20curioso%20incidente%20del%20perro%20a%20medianoche.pdf

El teorema del loro
http://www.librosmaravillosos.com/elteoremadelloro/pdf/elteoremadelloro%20-%20Denis%20Guedj.pdf

El diablo de los números
http://www.librosmaravillosos.com/eldiablodelosnumeros/index.html

Malditas matemáticas. Alicia en el país de los números

http://www.librosmaravillosos.com/malditasmatematicas/index.html

La puerta de los tres cerrojos
http://www.librosmaravillosos.com/lapuertadelostrescerrojos/index.html

El señor del cero
http://www.librosmaravillosos.com/elsenordelcero/index.html

El club de la hipotenusa
http://www.librosmaravillosos.com/elclubdelahipotenusa/index.html

Apología de un matemático
http://www.librosmaravillosos.com/apologiadeunmatematico/index.html

Los Simpson y las Matemáticas
http://www.librosmaravillosos.com/lossimpsonylasmatematicas/index.html

Más allá de los números
http://www.librosmaravillosos.com/masalladelosnumeros/index.html

Un matemático lee el periódico
http://www.librosmaravillosos.com/unmatematicoleeelperiodico/index.html

El tío Petros y la conjetura de Goldbach
http://www.librosmaravillosos.com/conjeturagoldbach/pdf/El%20Tio%20Petros%20y%20la%20Conjetura%20de%20Goldbach%20-%20Apostolos%20Doxiadis.pdf

Planilandia
https://www.casadellibro.com/libro-planilandia/9788475846200/1208404

## Ñ. MÚSICA

Adícase un tempo á lectura en todas as clases con actividades como:

- Lectura atenta dos contidos da unidade didáctica correspondente, a través do libro de texto.
- Lectura de textos relacionados co tema a tratar en cada momento.
- Busca de noticias de prensa relacionadas coa materia e o tema a tratar nun determinado momento.

- Elaboración de carteis informativos por parte do alumnado, relacionado cos conceptos aprendidos en cada unidade.
- Expresión oral e escrita en relación coa sensación e experimentación sonora.
- Lectura e escoita dun conto musicado, que posteriormente terán que elaborar eles. Por exemplo: "El pájaro de fuego", "Una mota de polvo", etc.
- Lectura rítmica.
- Lectura de grafías non convencionais.
- Lectura de musicogramas.
- Lectura de noticias e textos na web.
- Lectura e busca en diversas fontes, da vida e obra dos principais compositores da historia da música.
- Realización de blogs relacionados coa materia de música e búsqueda na web das respostas as actividades propostas polo profesor para cubrir as diversas "entradas".
- Partindo do libro Memorias dun Neno Labrego de Neira Vilas, "Elaboración de propostas artísticas sobre os libros...": UN DÍA NA VIDA DE ...
- Confección de biografías fantásticas sobre o autor ou a autora.
- Achega fotográfica.
- Falar ou escribir un texto tomando como motivo a portada dun libro ou un debuxo que faga referencia ao comezo do texto que deben ler.
- Lectura en voz alta.
- Tarxetas en branco con diferentes letras do alfabeto.
- Cadáveres exquisitos. Escribimos na parte superior dun folio unha sentenza sobre o texto escollido para a lectura ou o libro e facemos que circulen pola clase. Realizaremos varios ao mesmo tempo para que todo o mundo teña traballo.

- Saídas extraescolares ou visitas académicas.
- Elaboración do alfabeto da obra ou do texto lido.
- Elaboración de marcapáxinas das lecturas. A xeito de alfabeto da obra, coa selección de textos ou imaxes do libro etc.
- Elaboración de calendarios de lectura para o vindeiro curso.
- Unha carta ou unha entrevista a unha das protagonistas da lectura: o alumnado elabora as preguntas e as respostas.
- Elaboración de propostas artísticas sobre os libros e a súa autora ou o seu autor: imaxes que nos suxire, colaxes, cartafoles da obra etc.
- Saídas extraescolares ou visitas académicas: espazo para a lectura ou difusión da lectura aproveitando as saídas do centro (excursións, visitas académicas etc.) a xeito de "poesía gratis na rúa", safaris fotográficos de lectura, recitais en prazas públicas ou en espazos cerrados, gravación das lecturas en mp3 para realizar podcasts etc.
- Exposición de todos os materiais a través do blog, da páxina web, na semana cultural do centro, na actividade do mes dedicada a un texto etc.
- Visita de webs, en busca de libros que poidan estar relacionados coa materia.

ITINERARIO LECTOR:

Se engaden estas tres novidades as anteriores:

- GONZÁLEZ MIRA, Pedro: *Eso no estaba en mi libro de Historia de la música*. (Editorial Almuzara, 2018)
- RUÍZ, Juan Mari: *Música para fisgones. Curiosidades y anécdotas de la vida y obra de grandes músicos.* (Editorial Ma non troppo, 2021)
- CASTILLO CASTRO, Elena: *Soundtrack. La banda sonora de nuestra vida. (Editorial Titania, 2016)*
- GELINEK, Joseph: *La décima sinfonía. (*Editorial: Plaza & Janés 2008).
- GROUT, Donald J. y PALISCA, Claude V: *Historia de La Musica Occidental 1. (*Editorial Alianza Música 2011).

- GROUT, Donald J. y PALISCA, Claude V: *Historia de La Musica Occidental 2.* (Editorial Alianza Música 2011).
- FUBINI, Enrico: *La estética musical desde la Antigüedad hasta el siglo XX* (Ed Alianza Música 2005).
- CRUCES, Francisco y otros: *Las culturas musicales: lecturas de etnomusicología* (Ed. Trotta 2001).
- ROSEN, Charles: *El estilo Clásico Haydn, Mozart y Beethoven*. (Ed: Alianza música 2015).
- ROSEN, Charles: *Formas de sonata.* (Ed: Idea Books 2004).

Revistas: www.rockdelux.com www.mundosonoro.com www.scherzo.es www.musicalis.es www.ritmo.es

**O. RELIXIÓN**

Pola natureza da materia, na que se traballa frecuentemente co texto sagrado, a dinámica recae en exercicios e prácticas de comprensión lectora da Biblia e dos seus xéneros literarios. Na realización de sínteses escritas ou exposicións orais do textos en distintos soportes que traballamos nas diferentes unidades. Son frecuentes as lecturas, exposicións de ideas e opinións persoais así como a interpretación da información icónica e textual de distintos proxectos realizados polo alumnado que contribúen ao desenvolvemento das competencias básicas. Como é evidente, entendemos que o fomento da lectura e da expresión oral e escrita, a inmersión nas técnicas da información e a comunicación son obxectivos de ensino a cuxo impulso debemos contribuír. Constitúen exemplos diso os seguintes obxectivos:

●Utilización das novas tecnoloxías para o tratamento da información acompañado da lectura, mediante o emprego dos blogs educativos, webs, etc. Inclusión na programación de tarefas e proxectos de búsqueda e curación e publicación da información a través de distintos soportes, seguindo as guías ALFIN/ AMI, do noso centro.

●Interese pola lectura de todo tipo de publicacións que acheguen á realidade global na que vivimos. Revistas, xornais, cómics, etc

●Estimulación do gusto pola lectura, a reflexión e comentario de textos literarios de diferentes épocas.

●Actitude de procura de canles comunicativos, creativos e persoais.

●Valoración crítica das mensaxes que transmiten os medios de comunicación social e a publicidade.

●Fomento do interese pola Biblia como unha gran biblioteca e unha extraordinaria fonte de información .

●Dramatizacións de escenas bíblicas ou de calquera outra situación que poida resultar significativa para a compresión ou interpretación dun texto.

●Aprendizaxe a través do modelado da lectura en voz alta. Para iso o profesor lerá en voz alta, textos variados, a fin de informar ó alumnado na necesidade de interpretar, declamar ou proclamar segundo sexa o tipo de texto.

ACTIVIDADES.

●Colaboración nas actividadesprogramadas pola biblioteca do centro.

●Pola escasa dispoñibilidade horaria non facilitamos un listado de lecturas recomendadas á os nosos alumnos, si facemos recomendacións por medio dos blogs e webs da área.

●Lecturas de textos dos libros que resumimos na seguinte táboa e que están en consonancia coa temática de algunhas unidades didácticas da área de relixión, programadas en diferentes cursos.

●Comentario de textos ou extractos de películas, ou documentais, que se mencionan na táboa e que están integrados nas tarefas das unidades didácticas dos cursos da ESO e o Bacharelato.

## LIBROS

| TÍTULO | CONTIDO | LINKS |
|---|---|---|
| *Carta del jefe Seattle, de la tribu suwamish, al presidente de los EE. UU. Franklin Pierce* (1854).  | En 1854, o décimo cuarto presidente dos Estados Unidos, Franklin Pierce, de tendencia esclavista e expansionista, enviou unha carta ao xefe Seattle, da tribu Suwamish, para comprarlle os territorios do noroeste que hoxe forman o estado de Washington. A resposta do xefe indio non se fixo esperar. Ese mesmo ano deu un discurso dirixido ao gobernador territorial Isaac I. Stevens, coñecido hoxe como a Resposta do xefe Seattle.<br>Temas<br>A ecoloxía humana, o cuidado da terra, o respeto polos dereitos humanos. | https://culturainquieta.com/es/inspiring/item/15949-la-carta-que-el-jefe-indio-seattle-envio-al-presidente-de-estados-unidos.html<br><br>https://youtu.be/goHG_-w_1r4?si=HlWOwHXlMy6KptO2 |
| El tiempo y la promesa<br>Concha López Narváez   | Este libro é unha novela histórica que se desenvolve na cidade de Vitoria no ano 1492. Os xudeus teñen que saír para sempre das terras de España; pero algo sucede que fai que a saída se atrase. Este é un relato de odios e rancores, pero tamén de comprensión e de tolerancia; sobre todo, é unha historia de amizades e de fidelidade. O autor relátanos esta historia a través dun neno xudeu, un cristián e outro que descobre que os seus pais estaban a favor dos xudeus. Cando o rei de España decreta que todos os xudeus deben abandonar a Península, moitos cristiáns sentían afecto polos xudeus e non queren que se vaian, pero outros non. Os cristiáns se espían entre eles para saber quen estaba a favor dos xudeus. Un pobo fai a outro pobo unha promesa que xamais foi quebrantada.<br>Temas<br>A convivencia no noso pais das tres relixións monoteistas. | |
| O meu nome é Skywalker<br>Agustín Fernández Paz | Raquel pasa moito tempo observando á xente que entra e sae. Un día repara nun home que sempre está parado ás portas do establecemento, pedindo esmola, e a quen ninguén parece ver, agás a nena. Convencida de que se trata dun home invisible. | http://agustinfernandezpaz.gal/libros/o-meu-nome-e-skywalker/ |

| TÍTULO | CONTIDO | LINKS |
|---|---|---|
|   | Temas<br>A marxinación social dos sen teito. unha visión respectuosa e solidaria das persoas que viven marxinadas nunha sociedade que as invisibiliza. | |
| Roma. Historia para niños<br>Miguel Ángel Saura | Os romanos dominaron Occidente durante máis de dous mil anos. Desde a fundación da cidade de Roma ata a caída de Constantinopla, os pequenos a partir de 10 anos poden descubrir como este famoso pobo chegou a expandirse por toda Europa e parte de África e Asia. Coñecerán aos xemelgos Rómulo e Remo, a Julio César, a Marco Antonio, a Nerón e a outras moitas figuras históricas que forxaron a civilización romana a través de grandes batallas e conquistas. O texto está acompañado de ilustracións e 'bromas visuais' e chistes que axudan aos menores para comprender mellor os feitos históricos que se narran. | |
| El sentido de la vida es una vida con sentido<br>Rocío Rivero<br>  | A vida ensínanos que nada é para sempre, que os nosos soños non sempre se cumpren e que non podemos aferrarnos ao pasado nin vivir suspirando polo futuro.Ensínanos a superar as situacións adversas e saír fortalecidos delas.<br>Temas<br>A intelixencia emocional e a resiliencia | http://rocioriverolopezunamiradapsicologica.blogspot.com.es/p/el-sentido-de-la-vida-es-una-vida-con.html<br><br>https://lecturaobligada.wordpress.com/2015/08/06/rocio-rivero-lopez-el-sentido-de-la-vida-no-es-otro-que-una-vida-con-sentido/ |

| TÍTULO | CONTIDO | LINKS |
|---|---|---|
| *A silent voice* (Koe no Katachi, Kodansha 2013.)<br>Yoshitoki Ôima.<br> | Este exitoso Manga tratas temas tan actuais, duros e preocupantes como o acoso escolar, a soidade, o sentimento de culpa e o suicidio. Un aspecto moi importante deste manga é que aborda o acoso escolar non só desde o punto de vista da vítima, tamén o fai desde a perspectiva do acosador, analizando as posibilidades de reparar o dano causado. Reflexiona sobre sentimentos como o arrepentimento, a soidade, a discapacidade, a discriminación, etc<br>Temas<br>Acoso escolar, discapacidade. | https://www.zonanegativa.com/a-silent-voice-manga/ |
| Nubes en el cielo<br>Jordi Sierra i Fabra<br> | Amira, Fátima, Sonja, Sergio e Roberto van á mesma clase, pero eles son diferentes, senten diferentes. Cada un ten unha problemática. Amira teme volver a Somalia, porque alí espéralle<br>unha ablación. Fátima teme que casen cun home maior que ela e deba regresar a Marrocos. Sonja naceu da violación da<br>súa nai na guerra dos Balcáns. Sergio é un neno adoptado de China que se fai centos de preguntas. Roberto é ecuatoriano, e os<br>problemas das bandas latinas do seu país perséguenlle. Ademais, algúns mozos do colexio tomárona con eles. A súa guerra é demasiado grande para as súas forzas.<br>Temas<br>A segregación o racismo o diálogo intercultural. | https://www.vinalesa.es/sites/www.vinalesa.es/files/files/2019/EducacioCultura/GrupsLectura/FamiliaLectora/LlibresBiblioteca/nubes_en_el_cielo.pdf |
| ¿Qué es el Comercio Justo?<br>Iago Araujo Molina | A través dun cómic, Iago Araujo Molina inícianos ao funcionamento do mercado internacional de materias primas, aos impactos das grandes superficies sobre a economía local, as tendas de barrio, o campesiñado e o | http://comerciojusto.org/wp-content/uploads/2012/02/Comic_cast.pdf |

| TÍTULO | CONTIDO | LINKS |
| --- | --- | --- |
|  | medio ambiente, e exponnos alternativas de comercio xusto e consumo responsable como tendas de comercio xusto, cooperativas de consumidores/as ou mercados locais. | |
| Cuidar la madre Tierra<br>AA VV<br> | Esta obra ofrécenos un achegamento á encíclica Laudato se', do Papa Francisco, para facilitarnos a súa comprensión e lectura meditada. Os comentarios están realizados por seis personalidades comprometidas coa Igrexa e coa ecoloxía: Leonardo Boff, un dos máximos expoñentes da teoloxía da liberación, o misioneiro comboniano Alex Zanotelli,o xesuíta e economista francés GaÆl Giraud os sociólogos Chiara Giaccardi e Mauro Magatti e por último, o xesuíta e xornalista Giacomo Costa. | http://w2.vatican.va/content/francesco/es/encyclicals/documents/papa-francesco_20150524_enciclica-laudato-si.html |
| Chamando ás portas do ceo.<br>Jordi Sierra i Fabra | Silvia, estudante de Medicina, marcha á India para traballar como cooperante durante o verán nun hospital situado nun perdido lugar do mundo. Na India coñecerá a dor e o sufrimento dos que non teñen nada, pero tamén a alegría e a paz da súa conciencia, e vivirá a cabalo non de dous, senón de tres mundos: por un lado Arturo, que a espera en España; por outro Leo, o médico, cooperante coma ela, capaz de renunciar a todo por estar alí; e, finalmente, Mahendra, o hindú que garda o máis doloroso dos segredos e que | http://www.edebe.es/publicaciones-generales/libro-chamando-as-portas-do-ceo=2384=5=4<br><br>http://www.planlector.com/descarga.asp?idDoc=1111&d=acpgal21.pdf |

| TÍTULO | CONTIDO | LINKS |
| --- | --- | --- |
|  | a introducirá nun novo horizonte sen fronteiras.<br>Temas<br>Realidades do mundo que claman á conciencia humana. | |
| El cuento de los siete mendigos.<br>Rabí Najman de Bratslav<br> | Os Sete mendigos é o relato de Rabí Najman de Bratslav (1772-1811);<br>Os lectores quedan fascinados ante a riqueza simbólica deste relato. O seu inesperado e abrupto final, moi ao estilo de Rabí Najman, foi obxecto de non poucas elucubracións, pero como afirmase Rabí Nathan, o seu principal discípulo, "a historia do oitavo esmoleiro coñecerase cando chegue o Mesías".<br>Temas<br>A tradición xudea. | https://www2.radiosefarad.com/joomla/index.php?option=com_content&view=category&id=239&Itemid=267 |
| Si lo dicta el corazón María Menéndez-Ponte<br> | Samuel, familia do Sumo Sacerdote Anás, vai regularmente a Cafarnaún de vacacións, aínda que vive en Jerusalen; é nesta cidade onde se reencontra con Judit, antiga compañeira de xogos, da que se namora. Eles son de clans relixiosos diferentes e só os ensinos de Jesús de Nazaret, ao que Samuel coñeceu en Cafarnaún, poderán servir de axuda para superar todos os obstáculos. Pode un encontro cambiar unha vida? Novela na que se pon de manifesto a forza do amor como motor para superar as dificultades vitais. | |

| TÍTULO | CONTIDO | LINKS |
|---|---|---|
| El rey, el sabio y el bufón: el gran torneo de las religiones. Keshavjee, Shafique<br><br> | Como consecuencia duns enigmáticos soños, o rei dun afastado país, aconsellado polo seu Sabio e o seu Bufón, decide convocar o primeiro Gran Torneo das relixións. Os competidores son atletas de alto nivel; as súas disciplinas son o ateísmo e as grandes relixións do mundo. En busca da Beleza Eterna e da Sabedoría Verdadeira, tratarán de explicar o mellor posible o esencial do as súas crenzas. Pero,que ocorre cando un xudeu, un cristián, un musulmán, un hindú e un budista e un ateo atópanse para confrontar as súas opinións? Quen resultará vencedor nesta rifada competición? | |
| Cruzada en jeans<br>Thea Beckman<br><br> | No ano 1212 milleiros de nenos cristiáns encamíñanse a Terra Santa, seguindo o chamamento dun raparigo visionario. Por un accidente nunha máquina do tempo, Rudolf Hefting, un raparigo do século XX, cruza o túnel do tempo e únese á cruzada infantil. Rudolf contempla, con ollos atónitos, o mundo medieval e as virtudes e defectos do espírito cabaleiresco. Consegue que o respecto dos seus compañeiros. Comparte as penalidades dos mozos cruzados e, cos seus coñecementos do século XX, axúdalles a sortear mil perigos: batallas, secuestros, trampas e acechanzas de quen tenta abusar da súa boa fe. Finalmente, Rudolf regresa ao século XX.<br>Tema<br>A relixiosidade da Edade Media, as cruzadas. | |
| El sueño de Rubina. Rubina Ali | Rubina Ali é a doce nena de nove anos que emocionou a millóns de espectadores de todo o mundo coa súa actuación na película Slumdog Millionaire, gañadora de 8 premios Óscar. Hoxe Rubina segue vivindo nos suburbios de Bombai, os maiores da India, nos que naceu e creceu. Pero o seu talento fixo que tamén viaxase a Estados Unidos e relacionouse coas grandes @estrella de Hollywood. Neste libro, a nova actriz cóntanos como a | |

| TÍTULO | CONTIDO | LINKS |
| --- | --- | --- |
|   | descrubrió Danny Boyle para que interpretase o papel de Latika. Explícanos as mil anécdotas que se produciron durante a rodaxe e a incrible viaxe desde un dos barrios máis pobres da India á alfombra vermella da cerimonia dos Óscar.<br>Temas: As diferenzas culturalis. O reparto da riqueza no mundo. | |
| La Ciudad de la Alegría<br>Dominique Lapierre<br>  | Un sacerdote francés, un mozo médico norteamericano, unha enfermeira de Assam e un campesiño indio que se gaña a vida tirando dun rickshaw atópanse un día baixo as cataratas do monzón e instálanse no alucinante decorado dun barrio de Calcuta para coidar, axudar, salvar.<br>Temas<br>El bien común, el compromiso cristiano. | Película<br>https://www.tokyvideo.com/es/video/ciudad-de-la-alegria-1992 |
| El mozárabe<br>Jesús Sánchez Adalid | Trátase novela histórica que nos sitúa a finais do primeiro milenio, na Córdoba dos Califas onde convivían Cristiáns e Musulmáns, unha veces mellor e outras peor avenidos dependendo do Califa que dirixía os designios deste esplendoroso califato; a situación cambiase radicalmente coa chegada do guerreiro Almanzor, xa preto do ano 1.000, que supuxo a expulsión dos Católicos. | https://www.jesussanchezadalid.com/novela/el-mozarabe |

| TÍTULO | CONTIDO | LINKS |
|---|---|---|
|  | | |
| El hombre en busca de sentido<br>Viktor Frankl<br> | O libro narra  a experiencia que lle levou ao descubrimento da logoterapia. Prisioneiro, durante moito tempo, nos desalmados campos de concentración, el mesmo sentiu na súa propio ser o que significaba unha existencia espida. Como puido el que todo o perdera, que vira destruír todo o que valía a pena, que padeceu fame, frío, brutalidades sen fin, que tantas veces estivo a punto do exterminio, como puido aceptar que a vida fose digna de vivila? O psiquiatra que persoalmente tivo que enfrontarse a tales rigores merece que se lle escoite, pois ninguén como el para xulgar a nosa condición humana sabia e compasivamente. As palabras do doutor Frankl alcanzan un amorne sorprendentemente esperanzador sobre a capacidade humana de transcender as súas dificultades e descubrir a verdade conveniente e orientadora. | https://youtu.be/bbnDzf_fK58?si=CMu2k-wNh-oN8jo- |
| Cometas en el cielo<br>Khaled Hosseini. | Con apenas doce anos, Amir, residente en Kabul proponse gañar a competición anual de cometas  da forma que sexa, mesmo á conta do seu inseparable Hassan,  un hazara de clase inferior que foi o seu servente e compañeiro de xogos  desde a máis tenra infancia. Así, empeñado en demostrarlle ao  seu pai que xa é todo un home, Amir poñerá en perigo unha amizade  fraguada ao longo de anos de enfrontarse a todos os perigos imaxinables, e aprenderá unha verdade que o acompañaráel resto da súa | |

| TÍTULO | CONTIDO | LINKS |
| --- | --- | --- |
|  | vida.<br>Temas<br>Afganistán, amizade, clase social, hazara, culpa, Cabul, talibán, abuso sexual infantil e migración humana . | |

# PELÍCULAS

| TÍTULO E AUTOR | RESUMO | ENLACES |
|---|---|---|
| Un puente hacia Terabithia<br>Katherine Paterson<br> | Jess ten unha vida difícil pero todo cambiou cando Leslie chegou á súa escola. Xuntos transitan por Terabithia, un reino imaxinario ao que se chegaba balanceándose sobre unha corda. Leslie e Jess sabían que a súa amizade duraría para sempre. Ela abriulle o seu mundo de contos e literatura. Un tráxico acontecemento chegaría a Terabithia e á a vida de Jess. Temas Palabras chave: morte, crer, imaxinación, literatura, libros, amigos, vida, familia , malos tratos. | Información<br>http://www.planetalector.com/un-puente-hacia-terabithia<br>Para el aula<br>http://www.aragon.es/estaticos/GobiernoAragon/Departamentos/SaludConsumo/Profesionales/13_SaludPublica/19_Promocion_Salud/G.Alumn%20%E2%80%A2%20TERABITHIA.pdf<br>Ver online<br>http://gloria.tv/media/n1V48tHDrRg |
| Sang Woo y su abuela.<br> | Sang Woo e a súa avoa, é a historia dun neno a quen a nai deixa xunto á súa avoa durante unha tempada ao non poderse facer cargo del. A anciá é muda, vive nun lugar apartado no medio do campo e a súa forma de vida é radicalmente oposta á propia da cidade. O neno terá que amoldarse a novos costumes e situacións. Temas Mundo rural e urbano.Relacións familiares na nosa sociedade,a relación cos anciáns. | Información<br>http://www.encadenados.org/n38/sang_woo.htm<br><br>Ver online<br>http://gloria.tv/?media=325318 |
| El príncipe de Egipto<br>Simon Wells, Steve Hickner, Brenda Chapman | Película de animación baseada no Éxodo, un dos libros da Biblia, no que se narra a liberación do pobo xudeu por parte de Moisés.<br>Temas<br>A relixión o as antigas civilizacións.<br>O Éxodo. | https://docs.google.com/document/d/1N0OOam_rgH1UwvaFyuTt53y5vi7McyvEuCvIZ4RgLD4/edit<br>Ver online<br>http://gloria.tv/media/1QaYuqr5PMR |

| TÍTULO E AUTOR | RESUMO | ENLACES |
|---|---|---|
|  | | |
| El nombre de rosa<br>Jean-Jacques Annaud<br> | Dirixida por Jean-Jacques Annaud en 1986, baséase na excelente novela do mesmo nome, escrita por Umberto Eco en 1980. Combina a literatura, a historia, a investigación.<br>Século XIV. Frei Guillermo de Baskerville monxe franciscano e o seu discípulo, Adso de Melk alóxanse nunha abadía benedictina durante a súa estancia tratarán de esclarecer a morte misteriosamente de varios monxes<br>Temas<br>Unha visión da Idade Media (feudalismo, mosteiros,inquisición.).<br>O papel dos mosteiros na transmisión da cultura. | Información<br>http://www.elespectadorimaginario.com/pages/mayo-2011/criticas/el-nombre-de-la-rosa.php<br>Para a aula<br>http://www.mediafire.com/view/xx3mt4gmzgn/Mariana+Ferrera+Mnez..doc |
| Una verdad inconveniente<br>Davis Guggenheim | Unha verdade incómoda" relata a historia da apaixonada entrega dun home decidido a expoñer os mitos e ideas equivocadas achega do quecemento global e da súa prevención.<br>Temas<br>A ecoloxía, o cambio climático, o quecemento global,efecto invernadoiro. | Para el aula<br>http://es.slideshare.net/coiojor/verdad-incomoda?qid=2333f6e2-efe6-4ee3-8d0b-dd66f06ee103&v=default&b=&from_search=6<br>Ver online<br>https://vimeo.com/42156221 |

| TÍTULO E AUTOR | RESUMO | ENLACES |
|---|---|---|
|  | | |
| The Butterfly Circus<br>Joshua Weigel<br> | Méndez, o dono do Circo das Bolboretas,viaxa co seu circo para dar cor, alegría e ofrecer un pouco de maxia a aqueles que carecen de todo nos anos da gran depresión dos anos 30. Nun das súas viaxes, o empresario coñece a Will; un home sen extremidades usado como atracción nun circo de rarezas. Tras un peculiar encontro entre ambos, Will decide fuxir e unirse ao grupo de nómades | [https://youtu.be/od2lg1ZC20s?si=WU30-ceT11-AQSNE](https://youtu.be/od2lg1ZC20s?si=WU30-ceT11-AQSNE) |

# AUDIOLIBROS

| TÍTULO E AUTOR | RESUMO | ENLACES |
|---|---|---|
| Cómo sobrevivir a la antigua Roma<br> | De: El Fisgón Histórico<br>Narrado por: Mónica Ortíz, Mireia Magallón, Pablo Ibañez Durán, Roger Serradell<br>Audiolibro que nos sumerxe na fascinante época dos césares e os gladiadores, un dos tempos máis apaixonantes da historia. Pero coidado! Os perigos axexan na Antiga Roma. Guerreiros sanguinarios, traizóns políticas, volcáns en erupción... A viaxe non vai ser un relaxante paseo polas termas. Con este magnífico libro aprenderás todo o que necesitas saber para sobrevivir á Antiga Roma e volver a casa | https://www.audible.es/pd/Como-sobrevivir-a-la-antigua-Roma-Audiolibro/B0CGVS38H1?overrideBaseCountry=true&bp_o=true&gclsrc=aw.ds&source_code=GGLPP30DTRIAL4530307230046&ipRedirectOverride=true&gclid=CjwKCAjw-eKpBhAbEiwAqFL0mnTf2WEykDaN0nKn4FctDKIC4agbYTbzb3gxCI_U-rPaVujwtsCfTBoCT5wQAvD_BwE |

**P. TECNOLOXÍA**

Itinerario lector:

Libros de lectura recomendados:

- •*Yo robot,* Isaac Asimov.
- •*Estoy en Puertomarte sin Hilda,* Isaac Asimov.
- •La máquina del tiempo, Herbert George Wells.

Películas e series TV:

- •*Robots*, Director: Chris Wedge y Carlos Saldanha, Géneros: Animación, Ciencia ficción y Aventuras. Infantil.
- •Bl*ade runner*, Director: Ridley Scott, Género: Ciencia ficción, acción, Thriller futurista y Cyberpunk. Distopía. Robots. Película de culto.
- •Black mirror. Serie de TV. Género: Ciencia ficción distópica/costumbrista creada por Charlie Brooker en 2011.

ESO

A lectura constitúe un factor primordial para o desenvolvemento das competencias básicas. Os centros docentes garantirán na práctica docente de todas as materias un tempo dedicado á lectura en todos os cursos da etapa, de acordo co proxecto lector do centro. Para iso:

- •Actividades de lectura dos textos que especificamos en cada unidade didáctica, cunha periodicidade quincenal ou o finalizar un tema.
- •Actividades relacionadas coa análise de obxectos que inclúan a busca de información a través de distintos soportes. Nestas actividades os alumnos deberán ser capaces de contestar a cuestionarios específicos relacionados cos contidos de distintas unidades didácticas.

BACHARELATO: Tecnoloxía e enxeñería I, II e TIC I e II

- •Actividades como é a lectura en clase dos contidos dos apuntes, a reflexión sobre os enunciados dalgúns problemas, etc.

Realización de exercicios de investigación: o que lles convida a ler certos artigos, revistas, foros, que poden fomentar o seu interese pola lectura e polo coñecemento de novos temas de tipo tecnolóxico, Tecnoloxías de información e a comunicación, etc...

**Q. XEOGRAFÍA E HISTORIA**

1º e 2º ESO

Entre as actividades específicas de escritura e comprensión lectora destacamos as seguintes:

- Actividades sobre o vocabulario con maior dificultade ou específico.
- Actividades de selección das ideas principais e que están expresadas de forma explícita no texto.
- Actividades sobre as ideas implícitas, os matices do texto e as relacións entre as ideas.
- Actividades de realización de cadros, esquemas, táboas,etc.
- Actividades en que se lles pida ós alumnos/as que dean a súa opinión persoal sobre algún dos aspectos estudados e que implican a transformación do estudado en coñecemento propio.
- Elaboración de relatos de contido histórico.

3º ESO

- Elaboración dun "dossier" con información procedente dos xornais, referidas ós aspectos tratados no curso.
- Formación dunha lectura comprensiva, con todo tipo de documentos: literarios, expositivos, xornalísticos, publicitarios, gráficos, xeográficos...en soporte impreso ou electrónico. A elección dependerá dos aspectos que se estean a tratar.
- Actividades nas que se lle pida ó alumnado que dean a súa opinión persoal sobre algún dos aspectos estudados para axudarlles a transformar o estudado en coñecemento propio.
- Actividades específicas de escritura; destacamos as seguintes:

- Actividades sobre o vocabulario con maior dificultade ou específico.
- Actividades de selección das ideas principais e que están expresadas de forma explícita no texto.
- Actividades sobre as ideas implícitas, os matices do texto e as relacións entre as ideas.
- Actividades de realización de cadros, esquemas, táboas…

4º ESO

- Dado que estamos a tratar aspectos da Historia Contemporánea, é imprescindible a utilización dos xornais (en soporte papel ou dixital), que lles permita achegarse á realidade máis recente e buscar conexións co estudado
- Lectura voluntaria de obras literarias con fondo histórico: *O lapis do carpinteiro, O disputado voto do señor Caio*.
- Lectura comprensiva, na aula, con todo tipo de documentos: literarios, expositivos, xornalísticos, legais, publicitarios, gráficos,… en soporte impreso ou electrónico. A elección dependerá dos aspectos que se estean a tratar.
- Actividades nas que se lle pida ao alumnado que dean a súa opinión persoal sobre algún dos aspectos estudados para axudarlles a transformar o comprendido en coñecemento propio.
- Actividades específicas de escritura destacamos as seguintes:
    - Actividades sobre o vocabulario con maior dificultade ou específico.
    - Actividades de selección das ideas principais e que están expresadas de forma explícita no texto.
    - Actividades sobre as ideas implícitas, os matices do texto e as relacións entre as ideas.
    - Actividades de realización de cadros, esquemas, táboas…
    - Elaboración de pequenos relatos de base histórica.

1º BACHARELATO.

- Actividades nas que se lle pida ao alumnado que dean a súa opinión persoal sobre algún dos aspectos estudados para axudarlles a transformar o comprendido en coñecemento propio.
- Lectura dos xornais (en formato papel ou dixital) e sempre que sexa posible, faise referencia ás noticias salientables en relación ó tema de estudo.
- Alusión na clase a obras literarias, películas, exposicións...que poidan ser útiles para motivar ós alumnos no interese pola lectura e /ou coñecemento histórico. Levarase unha metodoloxía activa, dinámica, cunha interrelación continua entre profesor e alumno, que lles facilite as intervencións orais voluntarias.
- Entre as actividades específicas de escritura, que xa iniciamos cos alumnos de 1º ESO, e que deberían estar a punto de rematar, destacamos as seguintes:
    - Actividades sobre o vocabulario con maior dificultade ou específico
    - Actividades sobre o vocabulario con maior dificultade ou específico.
    - Actividades de selección das ideas principais e que están expresadas de forma explícita no texto.

2º BACHARELATO – HISTORIA DE ESPAÑA

- Actividades nas que se lle pida ao alumnado que dean a súa opinión persoal sobre algún dos aspectos estudados para axudarlles a transformar o comprendido en coñecemento propio.
- Lectura dos xornais (en formato papel ou dixital) e sempre que sexa posible, farase referencia ás noticias salientables en relación ó tema de estudo.
- Alusión na clase a obras literarias, películas, exposicións...que poidan ser útiles para motivar aos alumnos no interese pola lectura e /ou coñecemento histórico.
- Metodoloxía activa, dinámica, cunha interrelación continua entre profesor e alumno, que lles facilite as intervencións orais voluntarias.
- Entre as actividades específicas de escritura, destacamos as seguintes:

- Actividades sobre o vocabulario con maior dificultade ou específico.
- Actividades de selección das ideas principais e que están expresadas de forma explícita no texto.
- Actividades sobre as ideas implícitas, os matices do texto e as relacións entre as ideas.
- Elaboración de composicións. Actividade básica enfocada á ABAU.

2º BACHARELATO - XEOGRAFIA

Na materia de Xeografía de 2º de Bacharelato , a contribución ó proxecto lector está xa no último nivel. Debería ser o resultado do traballo ó longo das diferentes etapas educativas.

- A correcta interpretación de todo tipo de documentos xeográficos
- A reflexión crítica da información procedente de diferentes medios,
- A aplicación rigorosa -tanto oral como escrita de conceptos específicos da xeografía.
- A participación en debates sobre aspectos xeográficos da realidade recente
- A lectura diaria do xornal e o comentario daquelas noticias referidas ós temas que se estean tratando.

2º BACHARELATO - HISTORIA DA ARTE

A través da materia de Historia da Arte de 2º de Bacharelato, contribuímos da seguinte maneira:

- Referencias a aspectos mitolóxicos, iconográficos...
- Anecdotario da vida e obra de artistas
- Comentario sobre aspectos da socioloxía da arte
- Mención de películas e obras literarias sobre a vida e obras de artistas significativos

- Referencia a noticias nos xornais sobre todo tipo de acontecementos relativos á arte: inauguración de exposicións, restauración de obras de arte, novas interpretacións, premios concedidos a artistas vivos...

# DECRETO 79/2010

## Plan de potenciación da lingua galega

INTRODUCIÓN

Segundo o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia e o Plan Xeral de Normalización da lingua galega aprobado polo Parlamento de Galicia o 21 de setembro de 2004, o Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG) do IES SOFÍA CASANOVA de Ferrol elabora o seguinte plan que ten como principal obxectivo promover todas aquelas actividades encamiñadas á normalización do uso e fomento da lingua galega como medio habitual de relación, tanto dentro como fóra do contexto educativo.

Nesta tarefa o EDLG traballa naquelas actividades dinamizadoras no centro colaborando con outros departamentos para a consecución do vínculo escola-sociedade.

Para iso , tentaremos contar coa axuda e esforzo de todos os membros da comunidade educativa. Con este plan de potenciación da lingua galega preténdese non só acadar a participación de todos os membros da comunidade educativa (Profesorado, alumnado, ANPA, Concello...) senón tamén colaborar en todas aquelas iniciativas municipais ou da Coordinadora de Equipas de Normalización que promovan o uso da lingua propia.

### A) ANÁLISE SOCIOLINGÜÍSTICA

#### A.1-Breve estudo sociolingüístico do IES Sofía Casanova.

O IES Sofía Casanova é un centro de tamaño medio, con 590 alumnos que residen, basicamente, na contorna dos barrios de ultramar, Esteiro e Recimil. É unha rapazada urbana que comparte, como a maioría dos habitantes de Ferrol, segundo os estudos do Consello da Cultura Galega, o uso predominante do castelán nas relacións cos amigos e coa familia, sendo o centro escolar un dos escasos marcos onde se escoita e fala galego. O alumnado con orixes non galegas é cada vez maior, pero non presenta problemas de integración, xa que, sendo maioritariamente de América do Sur (Colombia, Ecuador, Honduras), Paquistán e Marrocos, relaciónase en castelán e

aprende o galego sen grandes dificultades, aínda que con uso exclusivo no ámbito académico.

A pesar de que o galego non ten presenza nas actividades diarias dos alumnos, a destreza para entender e escribir en galego reflicte unha considerable melloría e hoxe en día todo o alumnado atinxe o título da ESO coas competencias adquiridas, aínda que non a use.

A escola debe ser o lugar que free a perda de falantes e que a lingua poida manter a súa transmisión xeracional.

### A.2. A situación sociolingüística do profesorado.

Respecto ao profesorado, hai un elevado número de galegofalantes, independentemente da materia que se imparta-cúmprese o decreto de Plurilinguísmo-e no PLC se concretan as outras materias que se imparten en lingua galega para acadar polo menos a igualdade. As actitudes cara o uso e promoción do galego son positivas, polo que cómpre dinamizar diferentes actividades en todos os departamentos.

### A.3. A situación sociolingüística do alumnado.

Segundo o último estudo do Instituto Galego de Estatística, Ferrol é a cidade que máis castelán fala en Galicia. Nesta realidade temos que desenvolver o noso traballo, tentando mudar prexuízos, actitudes e usos.

As actitudes cara á normalización social do galego ,así como cara á utilización do galego no ámbito educativo son favorables. Este resultado lévanos a reflexionar sobre as estratexias necesarias para dar o salto cara á competencia activa por parte do alumnado.

### A.4. A ambientalidade lingüística do centro.

É este o indicador máis positivo de todos. A presenza da lingua galega é plena na documentación administrativa, documentación didáctica e pedagóxica, no rotulado do centro, nas notas informativas, comunicacións a pais, convocatorias, etc.

Nas comunicacións escritas e orais coas familias e institucións, o uso do galego é total. A situación varía algo nos contextos informais, onde xa aparece máis o castelán.

A ANPA do centro soe empregar a lingua galega na documentación escrita e nas publicacións da páxina web, se ben nos contextos informais tenden a usar o castelán. Ofertamos coma sempre a nosa colaboración para todas as iniciativas que promovan o uso da lingua pola entidade.

Con respecto ás TIC fomos conseguindo avances como a creación dun blog propio no que se recollen diferentes celebracións e actividades relacionadas coa normalización da lingua galega. Ademais increméntase a presenza do noso idioma en outros blogs do centro, na páxina web do mesmo .

A visibilidade das accións do ENDL pode mellorar.

## B) OBXECTIVOS DO PLAN DE POTENCIACIÓN DA LINGUA GALEGA.

Constatada a presenza do galego en desigualdade co castelán na contorna sociolingüística do centro , o noso traballo atenderá sobre todo a dinamizar e potenciar a lingua galega no profesorado e sobre todo no alumnado( usos lúdicos, lingua de comunicación fóra do estritamente curricular).

O IES SOFÍA CASANOVA presenta unha ambientalidade lingüística moi positiva, porén, constatamos que o alumnado fala predominantemente castelán, mesmo nas materias que se imparten nesa lingua; polo que o noso traballo seguirá atendendo sobre todo a dinamizar e potenciar a lingua galega no profesorado e sobre todo no alumnado; pois é o centro escolar para algúns a única posibilidade de contacto coa lingua. Perseguiremos, polo tanto:

- Mellorar as actitudes e tratar de eliminar os prexuízos que presenta a comunidade educativa tanto a nivel de profesorado como de alumnado.
- Potenciar as competencias orais activas e pasivas.
- Potenciar os usos cultos e escritos da lingua galega.
- Promover a cultura galega e as festas tradicionais (Magosto, Entroido, etc)
- Potenciar a lectura en lingua galega
- Potenciar a conservación do patrimonio cultural.
- Potenciar e dinamizar a presenza do galego nas TIC.

- Dinamizar a nosa lingua e estimular a participación en cantas actividades se programen por parte do EDLG.
- Apoiar todas aquelas iniciativas culturais e sociais que teñan como obxectivo a defensa e promoción do noso idioma: campañas, manifestos...

**C) PLANIFICACIÓN DE ACTIVIDADES.**

**Festas tradicionais:**

- **Magosto e Samaín e Maios**
  - Concurso de decoración de portas das aulas; concurso de relatos de terror, concurso de vídeos tik-tok de medo .
  - Contratación de obradoiros orgullo galego( entroido, Nadal)
  - Confección de **maios** en colaboración coa Biblioteca e axuda do Dpo. de Tecnoloxía e C. naturais.
- **Nadal**

  Concurso de decoración de árbore de Nadal con elementos de reciclaxe. Gravación de programas de radio coa temática de "tradicións galegas polo Nadal"
- **Entroido**

  Coñecemento de diferentes manifestacións culturais do Entroido en Galicia.Concurso de vídeos tik-tok con comparsas por clase. Concurso de disfraces

**Ao longo do curso:**

- **Participación e presenza da lingua nas conmemoracións escolares:** Día da Paz; Día do Libro, Día contra a violencia de xénero; Día da Muller traballadora, etc, saídas ofertadas polo Concello.
- Conmemoración do **Día de Rosalía** con múltiplas actividades en redes e na radio, seguindo as propostas da AELG coma todos os anos.

- Concurso de creación de playlist en galego.
- Colaboración nas actividades da Biblioteca.
- Dinamización da radio escolar.
- Participación en todos os concursos e actividades propostas pola Coordinadora de Equipas de Normalización de Ferrolterra: Carvalho Calero, Cinema en galego, Teatro con G, Concerto da Mocidade coa lingua, etc
- Asistencia a actos que teñan como obxectivo a difusión da lingua e cultura galegas( Exposición do Gaiás sobre o SEG, Visita ao Museo de Pobo galego con 3ª da ESO, etc.,)
- Confección de murais urbanos no centro con campañas de promoción da lingua, poemas e imaxes de autores.
- Difusión da música tradicional e participación activa no Concerto a "Mocidade coa lingua"e organización dun festival de cancións galegas no mes de maio, coa colaboración do Dpo. de Música.
- Contratación de charlas sobre a creación de contidos en lingua galega: youtubeiras, Orgullo galego.

**Letras galegas.**

- Concurso de videopoemas, creación de padlets con lectura de textos da autora Luisa Villalta, para o que contamos coa colaboración coa Biblioteca e os profesores de TICS
- Encontro con escritores. En colaboración co Equipo de Biblioteca estudaranse as distintas ofertas para saber quen nos visitará este ano.
- Contratación de espectáculos musicais ou teatrais.Contratación dun obradoiro de regueifas.
- Realización dun obradoiro de baile galego.

**Outras actividades**

- A consecución dos obxectivos marcados debe formularse a longo prazo. Revisaremos ao final de cada curso os obxectivos acadados e a partir de aí, engadiremos ou reorientaremos o noso labor. Precisamos conseguir, polo menos, unha conciencia lingüística positiva do alumnado, nun momento en que a presión social contra o galego é máis forte.

## D) CONCLUSIÓNS

A consecución dos obxectivos marcados debe formularse a longo prazo. Revisaremos ao final de cada curso os obxectivos acadados e a partir de aí, engadiremos ou reorientaremos o noso labor. Precisamos conseguir, polo menos, unha conciencia lingüística positiva do alumnado, nun momento en que a presión social contra o galego é máis forte.

## E) MEMBROS DO EDLG CURSO 2023/24

Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo

ART.18 Equipos de normalización e dinamización lingüística

Os membros do equipo serán designados pola dirección do centro do seguinte xeito:

a) O profesorado, por proposta do claustro de profesores.

b) O alumnado, por proposta das súas asociación máis representativas.

c) O persoal non docente, por proposta deste persoal.

**COORDINADORA:** Mª Pilar Vázquez Castro (Dpo. Lingua galega)

**REPRESENTANTES DO PROFESORADO** Ana Seco Orosa-Dpo. De Lingua galega

**PROFESORES COLABORADORES**

DPO. LINGUA GALEGA: Rosa Sánchez, Ana Seco .

DPO. DE MÚSICA: Almudena Armada Rodríguez

DPO.DE ORIENTACIÓN: Mª Paz López Galego

EQUIPO DE BIBLIOTECA: Mª José Vilaboy López

DPO. ED PLÁSTICA: María Lanza López

DPO. DE TECNOLOXÍA: Olga Martínez Gómez

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES: Andrés Rodríguez Bergara

**REPRESENTANTES DO ALUMNADO**

Lucia Parada Ortega

Antón Iglesias

Andrea Abeledo

Maria Prieto

**REPRESENTANTE DO PERSOAL NON DOCENTE**

Administrativas:

Soledad Rodríguez Guizán

Alicia Rodríguez Díaz

## ORDE DO 12 DE MAIO DE 2011

### Seccións bilingües

Durante este curso 2023-2024 no centro haberá unha sección bilingüe en lingua inglesa en 4º da ESO na materia de Educación Física.

**1.- OBXECTIVOS**

Xerais

Os obxectivos xerais do proxecto inclúen os establecidos no Real Decreto 1631/2006 de 29 de decembro.

Específicos

1. Reforzar a aprendizaxe do inglés mediante o seu emprego en unha materia non lingüística do currículo.
2. Potenciar a interacción do alumnado empregando coma lingua de expresión na aula o idioma inglés coma L2.
3. Posibilitar no futuro o intercambio de profesores e alumnos con outros países mediante a participación en proxectos europeos ou proxectos e-twining.

**2.- PROFESORES E COORDINACIÓN DO PROXECTO**

Profesores que participarán na sección bilingüe

1. MARTA SALGUEIRO MARTÍNEZ (Coordinadora Sección bilingüe)

3. JOSÉ ANDRÉS RODRÍGUEZ BERGARA (Profesor EF)

**3.- OBXECTIVOS E CONTIDOS ESPECÍFICOS**

**OBXECTIVOS**

Os obxectivos e contidos da sección bilingüe serán os reflectidos na programación didáctica, con especial atención aos que a continuación se propoñen de xeito específico:

- Coñecer e valorar os efectos que ten a práctica habitual de actividades físicas de xeito bilingüe no seu proceso evolutivo.

- Coñecer aspectos de historia deportiva de países que empregan a lingua inglesa coma oficial.
- Planificar e realizar actividades dentro da aula empregando a lingua inglesa.
- Coñecer e empregar a terminoloxía específica da educación física en lingua inglesa.
- Coñecer e analizar contidos sobre hixiene, calidade de vida, nutrición, e hábitos saudables das culturas anglofalantes.
- Coñecer e valorar as actividades físicas e xogos populares tradicionais da cultura anglosaxona.
- Recoñecer e valorar diferentes manifestacións culturais, artísticas e deportivas, en lingua inglesa.
- Coñecer e empregar recursos baseado nas novas tecnoloxías no ámbito da educación física con especial énfase naqueles dispoñibles en lingua inglesa.
- Valorar a importancia do inglés no manexo das novas tecnoloxías, con especial atención aos recursos dixitais específicos da materia.
- Realizar buscas bibliográficas no idioma estranxeiro para cubrir as carencias informativas existentes na lingua materna.

**CONTIDOS**

1) Quecemento específico: Concepto, obxectivos, sistemas que interveñen. Coñecer os conceptos básicos para elaborar un quecemento xeral e específico. Identificar as articulacións, segmentos e zoas musculares implicadas nos exercicios. Coñecer os conceptos de progresión e alternancia que debe ter todo quecemento. Describir os exercicios do quecemento, tanto de forma gráfica como escrita empreñando a posición inicial e a execución do mesmo.
2) Adestramento das capacidades físicas relacionadas coa saúde. Resistencia e flexibilidade. Concepto. Control da intensidade do esforzo pola frecuencia cardíaca: toma de pulsacións e cálculo da zona de actividade. Emprego de medios

tecnolóxicos para o seu control. Tipos de probas de valoración da condición física.

3) Probas para medir a flexibilidade (sit and reach) de Eurofit. Probas para medir la resistencia (test de Cooper ou Course Navette). Probas para medir a forza (probas de salto) lanzamento de balón medicinal e abdominais en 30 segundos. Probas para medir a velocidade (carreira de 5 x 10 metros) de Eurofit. Adestramento da forza e da velocidade.
4) O noso ritmo corporal. Manifestacións alternativas de expresión a través do corpo. O aerobic coma elemento integrador do ritmo e a motricidade. Musicas e ritmos específicos de aerobic. Elaboración dunha pequena coreografía cun acompañamento musical específico.
5) Levar a cabo prácticas guiadas polo profesor a través de actividades (seguindo ritmos aeróbicos, levando o ritmo con globos, a máquina do tempo, instrumentos con ritmo e movemento, inventar diferentes ritmos de movemento, expresións de canto co corpo, bailes de cancións, xesticulando cancións, batalla de ritmos empregando instrumentos e sons, etc.).
6) Realizar actividades coreografiadas en grupo, intentando deseñar os propios pasos cun ritmo determinado segundo a música escoitada, con pasos previos ensinado polo profesor o creando novos pasos.
7) Coñecemento de xogos con palas e raquetas. Clasificación de los xogos deportivos: convencionais, tradicionais e recreativos. Coñecemento do regulamento do bádminton e dos xogos alternativos con raquetas . Práctica de xogos con raquetas e palas. Práctica de tarefas técnico tácticas aplicadas ao bádminton e aos xogos de palas ou raquetas. Elaboración de propostas de xogos con palas ou raquetas
8) Coñecemento das actividades deportivas reguladas (patinaxe e as súas modalidades). Coñecemento das diversas actividades alternativas de deslizamento. Coñecemento das diversas alternativas e materiais para activades de deslizamento. Práctica de xogos e actividades con material de deslizamento.

Práctica de tarefas técnicas con patíns (arrancadas, freadas, xiros, deslizamentos en curva, etc.).

## 5.-METODOLOXÍA DA SECCIÓN BILINGÜE

Este proxecto de sección bilingüe preséntase de xeito conxunto e interdisciplinar , pois consideramos que todo o profesorado participante debemos de ter unha mesma liña metodolóxica que facilite a introdución progresiva do inglés coma L2. Así mesmo, creemos que deste xeito, facilitamos a aprendizaxe das competencias básicas, vinculando sempre que sexa posible os contidos a impartir nas áreas participantes.

O obxectivo principal dunha sección bilingüe é que os alumnos melloren a súa competencia lingüística nos diferentes usos da lingua (listening, reading, speaking, writing) de xeito conxunto, prestando especial atención ó emprego do speaking, por ser esta a habilidade lingüística na que os alumnos de secundaria presentan maior dificultade.

Acadar o obxectivo de que os alumnos se expresen con certa fluidez dentro destas materias e o que se persegue coa metodoloxía a implantar nas das seccións bilingües que enumeramos a continuación:

1. Emprego progresivo do inglés na aula para interactuar cos alumnos, asegurando que estes vaian coñecendo os termos de uso máis común nas materias. Cóntase coa axuda dunha auxiliar de conversa norteamericana , que estará presente con frecuencia nas aulas así como participando da vida do centro.
2. Creación dunha área propia para recursos bilingües na biblioteca a disposición dos profesores e alumnos participantes nas mesmas.
3. Emprego de recursos na aula en diversos formatos (fichas, libros, artigos, audios e vídeos, recursos TIC, etc) no idioma inglés.
4. Crear un espazo de intercomunicación en inglés nunha zona común do centro, así como nas aulas propias das materias das seccións bilingües.

5. Promover a realización de actividades "bilingües" relacionadas coas materias participantes (profesorado lector visitante, visitas de deportistas estranxeiros, etc.)

A metodoloxía que empregaremos para a integración das catro destrezas básica en L2 estará baseada nos seguintes puntos:

1. ENTENDER: actividades motivadoras que esixan unha participación activa do alumnado:

   a) Escoitar individualmente ou en grupos as explicacións do profesor e/o auxiliar de conversa.

   b) Escoitar vídeos explicativos propios da area elativos as unidades didácticas a desenvolver durante cada trimestre.

   c) Escoitar as cuestións e ou explicacións realizadas polos compañeiros no desenvolvemento da clase.

2. FALAR:

   a) Facilitar oportunidades para que os alumnos interactúen entre eles e co profesor e a auxiliar de conversa en L2 de xeito individual, en parellas ou grupos.

   b) Fomentar o emprego das expresións máis habituais dentro de cada materia a fin de facilitar a interacción progresiva do alumnado.

   c) Fomentar expresión individual en L2 mediante a lectura de noticias de actualidade, artigos, historias, experiencias, etc., e o seu relato ao resto de compañeiros.

3. LER e ESCRIBIR:

   a) Facilitar o acceso á lectura de textos específicos en L2 das materias participantes nas sección bilingües mediante a creación dunha área específica na biblioteca do centro.

   b) Promover a busca de documentación través da internet en L2, para que sexa empregada na resolución das diversas tarefas propostas.

c) Emprego de fichas didácticas na aula para cumprimentar de xeito que a aprendizaxe da L2 se facilite a través da memoria visual asociativa.

d) Creación de cada alumno dun portfolio persoal no que arquivará todos os seus traballo e actividades que lle permitan autoavaliar o seu progreso.

## 6.- CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Segundo o establecido na Orde do 20 de maio de do 2011, a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa levará a cabo o seguimento e posterior avaliación do Proxecto coa fin de verificar a súa realización, a calidade e os resultados obtidos. Cómpre engadir que durante o desenvolvemento do mesmo solicitarase apoio e asesoramento ao Centro de Formación e Recursos de Ferrol.

### 6.1- CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A avaliación dos alumnos da sección bilingüe terá en conta os criterios e procedementos propios de cada materia, establecidos na programación anual de cada materia, tendo en conta o dominio acadado polos alumnos no emprego do inglés nas diferentes destrezas (reading, speaking, writing, listening). Polo tanto estableceranse coma criterios de avaliación:

1. Coñecemento de conceptos propios de cada materia no idioma inglés
2. Habilidade para ler, entender e cumprimentar material escrito propio de cada materia en inglés.
3. Participación e actitude positiva cara a sección bilingüe en cada materia.

### 6.2.-PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Os criterios de avaliación serán os específicos establecidos na programación anual de cada area. No caso das sección bilingües, implementaranse as ferramentas necesarias para avaliar o coñecemento e emprego da lingua inglesa en cada materia, con especial atención á linguaxe técnica específica de cada unha.

### 6.3.-CRITERIOS DE CALIFICACIÓN

Serán os establecidos nas programacións dos departamentos de EPVA e Educación Física, nas que se detallarán os termos relativos aos cursos con sección bilingüe.

## 7.- AVALIACIÓN ANUAL DO PROXECTO

Elaborarase una memoria avaliativa anual, que se lle entregara na dirección do centro antes do 5 de xullo, segundo a orde do 20 de maio de 2011 na que se recollerán os diversos aspecto referentes á implantación e desenvolvemento das seccións bilingües.

## 8- ORZAMENTO DO PROXECTO

Establecerase un orzamento suficiente dentro dos presupostos anuais para a adquisición de materiais didácticos que os profesores consideren axeitados para cadansúa sección bilingüe.

## Concreción do plan xeral de atención a diversidade

No curso académico 2023/24 o IES Sofía Casanova, inicialmente, ten matriculados 583 alumnos/as:

1º de ESO: 90 alumnos/as en catro unidades ou grupos.

2º de ESO: 84 alumnos/as en catro unidades ou grupos.

3º de ESO: 85 alumnos/as en catro unidades ou grupos.

4º de ESO: 82 alumnos/as en tres unidades ou grupos.

1º de BACH: 118 alumnos/as en catro unidades ou grupos.

2º de BACH: 124 alumnos/as en catro unidades ou grupos.

Os datos máis significativos da diversidade do alumnado escolarizado no centro, despois da análise da documentación, e da avaliación inicial do alumnado que se incorpora por primeira vez ó centro son os seguintes:

Un número significativo de alumnos escolarizados na ESO con necesidades educativas especiais, necesidades específicas de aprendizaxe e alumnado con necesidades educativas de apoio educativo por condicións persoais ou de historia escolar. Este alumnado precisa dunha atención escolar individualizada que se concreta en distintas medidas tanto de tipo curricular como de tipo organizativo .

- Temos 15 alumnos/as con TDAH na ESO e 8 alumnos/as no Bacharelato.
- En 1º de ESO temos 24 alumnos/as con Exención de Francés que reciben Reforzo Educativo preferentemente na materia de Lingua.
- En 2º de ESO hai 11 alumnos/as con Exención de Francés.
- Nas Preavaliacións da ESO, propóñense inicialmente, a 5 alumnos/as para adaptación Curricular en 1º de ESO, en 2º de ESO propóñense a 2 alumnos/as ,en 3º de ESO a 1 alumnos/as e en 4º de ESO 2 alumnos/as.

- Hai 8 alumnos/as que están a repetir 1º de ESO, 6 alumnos/as que están a repetir 2º de ESO, 16 alumnos/as en 3º de ESO, 7 alumnos/as que están a repetir 4º de ESO.
- Temos varios alumnos/as con Altas Capacidades, na ESO e no Bacharelato.
- Hai tamén alumnado procedente de varias nacionalidades, case todos/as incorporados ao sistema educativo español en cursos anteriores. Algún deste alumnado presenta carencias a nivel de comunicación, especialmente en lingua castelá e lingua galega.
- En 1º e 2º de ESO contamos con varios alumnos/as de etnia xitana. A maioría presenta un desfase curricular importante respecto do seu grupo clase.
- Contamos con varios/as alumnos/as con dislexia, 3 na ESO e 2 no Bacharelato.
- En 3º ESO contamos con 1 alumno que o longo do curso pode ter Atención Hospitalaria.

MEDIDAS DE CARÁCTER PREVENTIVO:

1. Plan de acollida do alumnado de Primaria dos centros adscritos

O centro conta cun Plan de Acollida que se redactou no curso 20-21 facendo especial fincapé nos aspectos emocionais e sociais que favorecesen a acollida e cohesión nos grupos do alumnado

- Visita do alumnado de sexto curso de Primaria dos CEIPS adscritos ao IES no último trimestre do curso.
- Reunión do Departamento de Orientación do IES cos dos colexios adscritos e titorías de sexto curso dos mesmos, para recoller información do alumnado que previsiblemente se vai a incorporar ao Instituto.
- Acollida do alumnado, o día 11 de setembro, no Salón de Actos polo Equipo Directivo, orientadora e titores.
- Reunión de cada titoría co alumnado respectivo para realizar presentacións, explicar a organización do Centro, normativa vixente e características da ESO.

- Análise por parte do Departamento de Orientación dos informes remitidos polos centros de Primaria. Entrevistas, contactos telefónicos coas familias do alumnado con necesidades educativas especiais.
- No mes de outubro, reunión dos titores coas familias do alumnado de ESO para facilitar información sobre os aspectos máis relevantes desta Etapa educativa: organización do Instituto, horarios de atención ás familias, normas básicas, horario de clases, proxectos e actividades do profesorado e do centro, funcións do Departamento de Orientación, etc.
- Aplicación, polo profesorado de cada materia, das probas iniciais de avaliación do nivel de competencia curricular, prestando especial atención a análise dos informes de avaliación individualizados do curso anterior.
- Detección e prevención por titores/as e, profesorado en xeral, do alumnado con posibles dificultades durante o proceso de transición, comunicándoo de ser o caso ao Departamento de Orientación.

2 Avaliación inicial:

Realización a finais de setembro das sesións de avaliación inicial (preavaliacións) de todo equipo docente, coa Xefatura de estudos e coa Orientadora en todos os grupos da Educación Secundaria Obrigatoria para coñecer o grao de desenvolvemento naqueles aspectos básicos da aprendizaxe e de dominio de contidos das distintas áreas, así como informar de aspectos relacionados co desenvolvemento persoal e social.

3 Optatividade:

No centro trátase de favorecer a máxima optatividade na elección de materias do alumnado en cada nivel, como medida de atención á súa diversidade. Faise unha labor de asesoramento dende o Departamento de Orientación na elección de itinerarios formativos que se adecúen na medida do posible aos diferentes intereses, motivacións e necesidades do alumnado e contribuír ao desenvolvemento das súas capacidades.

4 Orientación educativa e profesional:

Levarase a cabo dende:

- O espazo da titoría, a nivel de aula.
- O Departamento de Orientación, a nivel de centro docente.
- O Equipo Específico de Orientación, a nivel provincial.
- Os ámbitos de actuación serán:
- O apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe.
- A acción titorial.
- A orientación académica e profesional.

Os axentes destinatarios desta actuación serán: o alumnado, o profesorado, as familias do alumnado e a comunidade educativa en xeral.

5 Titoría

Serán accións a desenvolver na acción titorial:

- Coñecemento e seguimento persoal do alumnado (capacidades, intereses, motivación, dificultades académicas, etc.) en coordinación co profesorado.
- Coñecemento da historia socio-familiar do alumnado a través de entrevistas, comunicando ás familias sobre o proceso educativo de fillos/as.
- Dirección e coordinación co resto do profesorado das sesións de avaliación para establecer criterios comúns sobre necesidades que poidan xurdir.
- Coordinación co Departamento de Orientación, no caso de detección de dificultades de aprendizaxe, para a realización da avaliación psicopedagóxica.
- Reunións semanais entre o profesorado titor de 1º e 2º ESO coa Orientadora e o Vicedirector en horario lectivo para a coordinación das actividades do Plan de Acción Titorial

Este curso académico o centro está inmerso varios Contratos Programas que traballarán conxuntamente co Departamento de Orientación no desenvolvemento de Actividades do Plan de Acción Titorial. No desenvolvemento das actividades do Plan de Acción Titorial tamén se traballará conxuntamente con Equipo de Dinamización Lingüística e a Biblioteca do Centro.

6 Atención ao Benestar Emocional

Seguindo a ORDE do 23 de agosto de 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia, nomeouse a persoa coordinadora de benestar e convivencia que terá como función principais:

1. Coordinar o plan de convivencia e colaborar na súa dinamización xunto coa comisión de convivencia do centro.
2. Fomentar o uso de métodos alternativos de resolución pacífica dos conflitos entre o persoal do centro e o alumnado, para o cal velará, entre outras accións, pola incorporación e tratamento no plan de acción titorial de contidos relacionados coas habilidades sociais a intelixencia emocional, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a mediación e as dinámicas de grupo.

Para a consecución destes obxectivos creouse un grupo de traballo con reunións semanais e unha actividade de practicas restaurativas e mediación dentro do PFPP do centro

MEDIDAS ORDINARIAS

1 Adecuación da estrutura organizativa (horarios, agrupamentos, espazos)e da organización e xestión da aula ás características do alumnado:

A organización do centro para este curso tivo en consideración as peculiaridades do alumnado e faise unha distribución do alumnado con dificultades ou necesidade de medidas de atención educativas entre os distintos grupos, atendendo aos recursos de profesorado e espazos dispoñibles no centro, tendo en conta ademais as posibles incompatibilidades entre alumnos en canto á convivencia. As decisións están baseadas na información proporcionada polos centros de educación primaria, no caso dos alumnos de primeiro curso, e a información do ano anterior no caso dos alumnos de segundo curso.

Nos demais cursos da ESO, a distribución do alumnado faise en función fundamentalmente das materias elixidas.

No Bacharelato, a adscrición do alumnado aos distintos grupos está en función da modalidade elixida e as materias optativas nas que se matriculan.

Coa finalidade de adecuar a estrutura organizativa á diversidade do alumnado, cunha visión inclusiva, de equidade, heteroxeneidade e de optimización dos recursos, no IES Sofía Casanova realizáronse os seguintes desdobres para o curso 2023-24:

1. En 1º de ESO fixéronse 4 grupos.
2. Tecnoloxía e Dixitalización 3 horas á semana, das que desdobran para ir ao taller 1 hora á semana.
3. Bioloxía e Xeoloxía 3 horas á semana, das que desdobran para ir ao laboratorio 1 hora á semana.
4. En 2º de ESO fixéronse 4 grupos.
5. Tecnoloxías 3 horas á semana, das que desdobran para ir ao taller 1 hora á semana.
6. En 4º de ESO C hai 24 alumnos que se desdobran en dúas opcións, 14 alumnos da opción con Latín e 10 alumnos coa opción de Tecnoloxía, nas materias de: LCL, LGL, Matemáticas (A e B), Inglés, Xeografía e Historia e Latín / Tecnoloxía.

2 Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado:

Nas programacións das distintas materias contémplase a atención ao alumnado con necesidades educativas específicas ou necesidades de outra índole, derivadas de circunstancias de carácter persoal ou psicosocial. Ademais, terase en conta unha transición posible ao ensino non presencial, se esta fose necesaria.

Os equipos docentes elaborarán plans de reforzo e recuperación coa finalidade de que o alumnado recupere as aprendizaxes imprescindibles non adquiridos no curso 2022/23.

3 Aula de atención educativa, convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia:

Neste curso funciona no centro a "aula de convivencia", con unha persoa coordinadora (xefatura de estudios) e profesores de garda que cobren a atención neste espazo educativo todos os días desde o inicio ao remate do período lectivo. O alumnado que acuda en varias ocasións a esta aula recibirá axuda en habilidades sociais por parte do Departamento de Orientación.

4 Reforzo Educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria

O reforzo educativo é unha medida de atención á diversidade que afecta a secuencia de contidos, as formas e os instrumentos de avaliación, a organización da aula, o agrupamento do alumnado e todo o incluído dentro do ámbito da metodoloxía. As medidas de reforzo educativo debe elaboralas a profesora ou profesor que impartan a área, a materia ou o ámbito. Este curso académico o profesorado con dispoñibilidade horaria realizará un reforzo de 1 hora semanal nas materias de Matemáticas en 1º ESO.

En determinados casos, o reforzo educativo do profesorado que imparta a área, a materia, o ámbito ou o módulo pode contar coa colaboración de profesorado con dispoñibilidade horaria, que actúa como un apoio xeral ao conxunto da aula.

No curso 2023/24 hai un total de 35 alumnos e alumnas de primeiro e de segundo da ESO que están exentos de segunda lingua estranxeira. Este alumnado recibe reforzo nas linguas dúas horas á semana.

5 Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación:

O profesorado adaptará os tempos, os instrumentos e os procedementos de avaliación da área, da materia, do ámbito ou do módulo que imparta ás circunstancias do seu alumnado. Esta adaptación terá unha consideración especial no caso do alumnado con necesidade específica de apoio educativo ( TDAH, Dislexia, TEA e outras dificultades ). Seguirase con este alumnado os protocolos elaborados pola Consellería de Cultura Educación e Universidade e as pautas do Departamento de Orientación.

Na adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación poderanse considerar a forma de comunicación que o alumnado necesite, a secuenciación das tarefas, a verificación da comprensión das tarefas, a dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos e a concesión do tempo necesario.

6 Plan de reforzo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar.

O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou alumno teñan pendente de superar baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor segundo o modelo do

Anexo.  Deste plan será informada á familia do alumno. Farase seguimento deste alumnado en cada sesión de avaliación e na avaliación final.

7 Plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso.

Este plan ten como finalidade adaptar as condicións curriculares as necesidades do/a alumno/a, para tratar de superar as dificultades detectadas. Será elaborado polo Equipo Docente baixo a coordinación do profesorado titor e desenvolverase ao longo de todo o curso. Anexo

Deste plan será informada á familia do alumno.  Farase seguimento deste alumnado en cada sesión de avaliación e na avaliación final.

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

1 Adaptacións curriculares:

Hai varios alumnos de primeiro e segundo cursos da ESO que, á vista dos datos de escolaridade anterior e do seu rendemento nos cursos anteriores así como dos resultados da avaliación inicial e da observación do profesorado que lle imparte clase

nas distintas materias do currículo, considérase que  é necesario  elaborar unha adaptación curricular. Este proceso será iniciado, a partir da decisión a tomar polo equipo docente, coa avaliación psicopedagóxica pertinente con vistas a ser desenvoltas no presente curso.

Temos, inicialmente 6 alumnos/as con AC que xa contaron con ela no curso pasado, 4 alumno/as en 2º ESO, e 5 alumnos/as en 3º de ESO  para analizar a proposta  de AC na preavaliación. No apoio e intervención con este alumnado será fundamental a coordinación do profesorado das materias co profesorado de Pedagoxía Terapéutica, titores/as e departamento de orientación.

2 Apoio do profesorado especialistas en Pedagoxía Terapéutica:

O profesorado de Pedagoxía Terapéutica prestará atención, prioritariamente, ao alumnado de primeiro e de segundo curso da ESO con necesidades específicas de apoio

educativo. Solicitouse polo Equipo Directivo un profesor/a de PT dentro do Programa PROA + que intervirá co alumnado de 1º e 2º de ESO.

O número de alumnado ao que pode atender PT pode variar ao longo do curso en función das necesidades e das demandas do profesorado das distintas materias. Este alumnado recibe apoio en pequenos grupos fora da aula ordinaria e dentro da aula para traballar principalmente as materias instrumentais e os obxectivos, contidos e estándares de aprendizaxe das adaptacións curriculares. A meirande parte están exentos de segunda lingua estranxeira e ademais deste apoio de PT, reciben reforzo educativo nas horas de impartición de dita materia.

A programación destas actividades de apoio abrangue fundamentalmente os contidos mínimos das materias instrumentais. Ademais de apoiar a consecución dos obxectivos curriculares establecidos nestas áreas, preténdese favorecer o desenvolvemento de capacidades cognitivas, de equilibrio persoal, relación interpersoal e de inserción social.

3 Programa de diversificación Curricular

Neste curso 2023/24 non contamos con esta medida, deixamos reflectido que no terceiro trimestre analizarse a proposta deste alumnado cara o vindeiro curso 24/25 e analizar na CCP a pertinencia ou non desta medida.

Consisten nunha modificación e unha adaptación do currículo dende o 3º curso de ESO e están orientados á consecución do Título de Graduado en ESO polo alumnado que presente dificultades relevantes de aprendizaxe e para o que tras ter recibido medidas de atención á diversidade nos dous primeiros cursos da etapa se considere que é a medida máis axeitada para a obtención do devandito título.

4 Atención Educativa Domiciliaria

Na actualidade temos un alumno enfermo crónico de gravidade que en cursos anteriores solicitou a atención domiciliaria e pode ter que solicitala este ano. No caso de que sexa necesaria a aplicación desta medida, sería fundamental a coordinación do profesorado de atención domiciliaria co DO, titor e profesorado que imparte docencia ao alumno, establecendo pautas de intervención, comunicación e seguimento, convocándose as reunións que se estimen pertinentes.

5 Atención Educativa Hospitalaria.

En 3ª de ESO contamos cun alumno que en función do seu estado pode ter que recibir novamente atención educativa hospitalaria polo que será fundamental a coordinación do profesorado de atención hospitalaria co DO, titor e profesorado que imparte docencia ao alumno, establecendo pautas de intervención, comunicación e seguimento, convocándose as reunións que se estimen pertinentes. Como anos anteriores crearase na aula virtual un espazo de funcionamento para este fin e poder coordinar os contidos e tarefas durante o período de hospitalización.

6 Atención Educativa ao alumnado procedente do estranxeiro

É fundamental a acollida e apoio deste alumnado polo/a titor/a e DO, sendo fundamental o seguimento da súa adaptación inicial ao grupo clase e ao centro educativo tanto para a súa inmersión lingüística como para a súa socialización.

Farase a avaliación inicial deste alumnado que se poderá completar co avaliación psicopedagóxica establecendo as medidas de atención a diversidade que precisen.

A xefa do departamento de orientación

María Paz López Galego

# OUTROS PROXECTOS E PLANS

## Observa_Acción

Desenvolvemento competencial desde a observación e o intercambio entre iguais

O programa Observa_Acción ten como finalidade fomentar o desenvolvemento profesional nas Competencias Profesionais Docentes para a cooperación e colaboración, a construción conxunta de coñecemento e o liderado e xestión de centros a través do intercambio de boas prácticas e a observación entre iguais.

O contido do programa está baseado na formación docente dende o punto de vista da observación entre iguais, da reflexión individual e/ou grupal dos propios docentes, do intercambio de boas prácticas e da implementación do aprendido na aula dos docentes participantes.

**Obxectivos**

- Experimentar novas vías de formación do profesorado e favorecer a innovación educativa nos centros educativos de Galicia, así como a colaboración con centros doutras comunidades autónomas e/ou países de ámbito europeo.
- Facilitar ao profesorado e aos membros do equipo directivo dun mesmo claustro a posibilidade de observar de forma directa metodoloxías nos procesos de ensino-aprendizaxe, xeitos de relación e comunicación, ou vías de xestión dos recursos propios e alleos, fomentando a adaptación e a aplicación do aprendido na súa praxe diaria.
- Fomentar o traballo en equipo de grupos de profesores/as cun interese común, incluíndo a observación activa da práctica docente de todos os seus membros, establecendo así vías de comunicación para o intercambio de boas prácticas, a reflexión, a formación metodolóxica sobre aspectos innovadores nos procesos organizativos e didácticos e a realización de proxectos de forma conxunta.
- Potenciar o traballo en equipo entre centros educativos con intereses compartidos, establecendo irmandades que fomenten a reflexión sobre aspectos

organizativos, metodolóxicos e formativos innovadores para ofrecer unha formación de calidade en beneficio do alumnado.

- Favorecer a internacionalización dos centros educativos, ofrecendo a posibilidade de levar a cabo proxectos con outras Comunidades Autónomas e/ou países, e fomentando a integración reflexiva e contextualizada de innovacións educativas na súa propia práctica docente.
- Aplicar e revisar protocolos de observación de práctica docente e potenciar accións metodolóxicas innovadoras para a mellora dos procesos de aprendizaxe do alumnado.

**Fases do programa**

O centro ingresou no programa o curso pasado e este desenvolverá a 3ª e 4º Fase

3. Observa_Acción. Fase Estatal (Conecta)

Trátase dunha fase de colaboración entre diferentes comunidades autónomas adheridas ao plan de Observa_Acción.

Consistirá na estadía e/ou recepción dun máximo de 5 docentes (1 do equipo directivo), durante un máximo de 3 días, a centros dunha ou varias das comunidades autonómas asociadas para realizar a observación. Posteriormente, proverase retroalimentación e realizarase unha reflexión conxunta entre o profesorado participante, co fin de introducir melloras concretas na práctica de aula ou do centro.

4. Observa_Acción. Fase Europea (Internacionaliza)

A última fase do programa consistirá nunha experiencia de Observa_Acción visitando un centro educativo dun dos países socios europeos. Esta fase permitirá entrar en contacto coa realidade diaria dun sistema educativo nun contexto internacional.

**Temporalización**

Terceira fase: De outubro de 2023 a febreiro 2024.

Cuarta fase: De febreiro a xuño de 2024.

**Liñas de traballo**

Gustaríanos formarnos e coñecer como outros centros desenvolven as seguintes iniciativas:

1. Competencia dixital: Educación e transformación dos centros. •

**Formular propostas de mellora de uso dos Polos creativos.** O noso centro foi escollido na primeira convocatoria publicada de espazo makers. Desde esa ata agora ese espazo segue a ser moi utilizado especialmente no STEMbach e no club de ciencia pero sería moi interesante ver como outros centros o integran na práctica diaria da aula

2. Competencia didáctica: Deseño e desenvolvemento dos novos currículos conforme os principios do Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA).

**Revisar diversas metodoloxías didácticas, seleccionar as máis axeitadas para o contexto segundo as evidencias, implementalas e avaliar a súa efectividade.** Somos conscientes das necesidades que esixe a educación actual e o importante de integrar metodoloxías activas na practica diaria. Somos un centro de secundaria no que aínda na maioría das materias utilízase a metodoloxía tradicional e gustaríanos ver como outros centros lideraron o cambio metodolóxico

3. Competencia en Innovación e investigación

**Analizar o uso dos espazos e adecualos ao Plan de Arquitectura Pedagóxica.**

O centro leva varios anos traballando intensamente neste aspecto e coa intención de seguir realizando accións nesta liña para conseguir crear espazos mais inclusivos. Por eso ver como outros centros xestionan o seu espazo resultaríanos de moita utilidade

**Propor estratexias e ámbitos de intervención para promover a vida saudable.** Desde ahi varios anos o centro realiza actividades que promoven estilos de vida saudable entre elas: recreos activos, almorzos saudables, semana da froita, actividades complementarias e extraescolares con actividade física (sendeirismo, surf, kayak ...)

**Deseñar, implementar e avaliar estratexias de desenvolvemento sostible.**

Aínda que moitas actividades realizadas no centro están vinculadas aos obxectivos de desenvolvemento sostible, gustaríanos coñecer iniciativas que desenvolvan estratexias vinculados aos ODS

4. Competencia en Educación inclusiva e coeducación.

**Determinar accións para a mellora da convivencia e benestar emocional.**

O ano pasado iniciamos un Plan de mellora do benestar emocional do noso alumnado coa participación de profesionais externos que realizaron varios obradoiros de xestión emocional co alumnado interesado.

A primeira actividade que se realizou foi unha sesión cos responsables do alumnado para dárllelo a coñecer.

**Establecer maior fluidez nas relacións coas familias**

Gustaríanos retomar as escolas de Pais e Nais que realizabamos e que se interromperon por mor da pandemia

# E-dixgal

## 1. OBXECTIVOS.

1.1 Obxectivos xerais:

- Incorporar materiais dixitais en todas as materias da ESO, en paralelo a un cambio na metodoloxía de traballo do profesorado.
- Crear unha contorna dixital e virtual de aprendizaxe, potenciando a comunicación con outros centros educativos e coas familias.
- Potenciar unha cultura dixital afianzada dende o noso proxecto de centro.
- Beneficiar as familias cun gran aforro en materiais educativos.
- Aproveitar en maior medida o repositorio de contidos do espazo Abalar.
- Establecer unha formación activa e continua do proceso, para a consecución dun mellor desenvolvemento das competencias básicas: competencia dixital (CD), competencia para aprender a aprender (CPAA), competencia en comunicación lingüística (CCL), sentido da iniciativa e espíritu emprendedor (SIE), conciencia e expresións culturais (CEC), competencias sociais e cívicas (CSC) e competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).
- Impulsar a continuidade no proxecto na procura de converternos progresivamente nun centro educativo dixital que garanta unha educación de calidade.

1.2 Obxectivos a curto prazo.

- Introducir ao novo alumnado e ás familias no proxecto E-Dixgal dunha forma paulatina e transparente, intentando que sexan partícipes en todo momento deste cambio de metodoloxía e de aprendizaxe.
- Promover o uso do entorno virtual de aprendizaxe que proporciona o proxecto como soporte para as clases. Para isto utilizaremos: repositorio Abalar, contidos en rede e actividades interactivas, traballando con elas a diario e facilitando que o alumnado poida traballar con elas nas súas casas.

- Impulsar a continuidade do proxecto E-Dixgal seguindo a planificación xa organizada para a formación dos docentes implicados no proxecto.

1.3 Obxectivos a longo prazo.

- Compartir as nosas experiencias con outros centros e coas familias a través do EVA, o espazo Abalar e da páxina web do centro.
- Promover a continuidade deste proxecto.
- Aumentar o número de profesores e materias que se incorporen ao proxecto.

**2. Modelo organizativo e metodolóxico previsto para o desenvolvemento do proxecto e para garantir a súa continuidade.**

Baséase nos seguintes principios metodolóxicos:

1. Unha metodoloxía didáctica activa e participativa, para favorecer o traballo individual e o traballo cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes.
2. A integración e uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula, como recurso metodolóxico para desenvolver as competencias clave: Competencia dixital (CD), competencia para aprender a aprender (CPAA), competencia en comunicación lingüística (CCL), sentido da iniciativa e espíritu emprendedor (SIE), conciencia e expresións culturais (CEC), competencias sociais e cívicas (CSC) e competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).
3. O traballo en equipo do profesorado, para proporcionar un enfoque multidisciplinar ao proceso educativo, en base á coordinación dos membros do equipo docente de cada grupo, a fin de deseñar actividades de aprendizaxe integradas para unha adquisición eficaz das competencias e a para a súa integración efectiva no currículo.
4. Unha metodoloxía que teña en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, atenda á diversidade e promova o acceso de todo o alumnado a unha educación común.

5. A avaliación continua (global e individual) do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Para levar adiante esta metodoloxía, que pretende ser activa, dinámica, participativa e integradora, necesitamos ter en conta a formación do profesorado e a necesidade do enfoque colaborativo do proceso.

1. Formación do profesorado.

Como se indicou anteriormente, o profesorado do IES Sofía Casanova conta con formación previa: á integración do centro na rede Abalar únese a participación en seminarios (ano 2013-2014) e PFPP relacionados coas TIC (anos 2014-2015, 2015-2016, 2017-2018, 2018-2019, 2019-2020 , 2020/2021, 2021/2022 e 2022/2023, 2023/2024).

Formación periódica e sistemática. O profesorado implicado participa en cursos organizados pola rede de formación permanente do profesorado da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Trátase dunha formación que é necesaria para o coñecemento e manexo dos recursos que se van a utilizar:

- Materiais: repositorio de contidos, aula virtual, libros dixitais, programas educativos, recursos on-line...
- Recursos: servidor, ordenadores portátiles, proxectores, armarios de carga, rede wifi... Recursos baseados no software: sistema operativo LINUX, paquetes ofimáticos, outros programas...

2. Enfoque colaborativo do proxecto (familias/profesores).

- A colaboración entre os profesores, os titores e o depto. de Orientación, a fin de establecer unha continuidade dentro no proceso de ensino-aprendizaxe.
- A coordinación do profesorado para unha mellora do proceso de planificación e desenvolvemento.
- A colaboración e coordinación coas familias do alumnado será posible en todo momento. As familias poderán solucionar as súas dúbidas poñéndose en contacto coa Coordinadora EDixgal solicitándolle cita mediante os profesores/titores.

# STEMbach

## PROFESORADO PARTICIPANTE

| | | |
|---|---|---|
| Cristina E. López Suárez | Profesora Coordinadora | Bioloxía e Xeoloxía |
| Marta Sixto Sanjosé | Profesora Titora | Matemáticas |

## ALUMNADO PARTICIPANTE

| BIENIO | CURSO | MATERIA | Nº ALUMNADO |
|---|---|---|---|
| 2022/24 | 2º Bacharelato | INICIACIÓN Á INVESTIGACIÓN | 9 |

## PROPOSTA DE CURRÍCULO DA MATERIA DE AFONDAMENTO STEM

Materias de afondamento correspondentes ao Bacharelato de Excelencia en Ciencias e Tecnoloxía:

| CURSO | MATERIA DE AFONDAMENTO |
|---|---|
| Segundo curso (2º de bacharelato) | Proxecto de investigación (2 h semanais) |

**Segundo curso: Proxecto de Investigación.**

- Ao longo do segundo curso, os alumnos desenvolverán un proxecto de investigación que consistirá na realización dun traballo científico.
- Terá unha asignación horaria de dúas horas semanais ao longo do curso lectivo, das cales unha parte desenvolverase no noso Instituto e outra na Universidade. Os alumnos estarán atendidos por un titor na Universidade e outro no Instituto. O proxecto poderá ser elaborado de xeito individual ou en pequenos grupos.
- O alumnado realizará unha defensa pública de 15 minutos para a exposición do seu proxecto. A devandita defensa realizarase antes do 1 de maio do curso académico.

Dado que o principio metodolóxico básico será a investigación, os alumnos integrarán, como parte do seu desenvolvemento formativo, aqueles métodos de traballo próximos

á dinámica universitaria que lles permitan adquirir hábitos no manexo de fontes documentais e bibliográficas. Con este fin, os alumnos deberán ser capaces de elaborar, expoñer e argumentar de forma razoada proxectos de investigación -individual ou colectivamente- que sexan resultado dunha metodoloxía de estudo científica. Así mesmo, potenciaranse nos traballos de investigación o uso das tecnoloxías da información e a comunicación.

**PROPOSTA DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS**

- Prácticas experimentais de manexo de equipos en laboratorios da Universidade.
- Conferencias de profesores universitarios de recoñecida competencia.
- Charlas formativas de alumnos da Universidade.
- Asistencia a clases maxistrais na Escola Universitaria.
- Visitas e talleres en entidades investigadoras e institucións científicas da comarca, por exemplo, á Estación de Bioloxía Mariña na Graña (USC) e ao CIT (Centro de Investigacións Tecnolóxicas) de Ferrol (UDC).

# Contratos programa

## PROA+

Coa finalidade de axudar a mellorar os resultados educativos do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, o noso centro participa no curso 2023/24 no Programa PROA +, polo que un docente da especialidade de Pedagoxía Terapéutica asignado a este programa reforza o alumnado beneficiario, en horario lectivo dentro ou fora da aula ordinaria, ofrecéndolle unha atención persoal e individualizada que lle permita mellorar o seu rendemento escolar e acadar unha motivación positiva de cara ás súas aprendizaxes.

## CP Inclúe

### Introdución

Os centros educativos son un piar na formación como persoas dos adolescentes. Deben ser un espazo de referencia para toda a comunidade educativa, ademais de seren un lugar onde todas e todos sexan respectados. Polo tanto, educar na convivencia e no respecto é fundamental, no respecto as normas, no respecto ao diferente, no respecto ás emocións de compañeiros e compañeiras.

Ademais debemos ter en conta a heteroxeneidade do noso alumnado, sobre todo no 1º ciclo de ESO, polo que faise necesario favorecer a adaptación e incorporación deste novo alumnado en 1º ESO (e alumnado de nova incorporación a calquera curso); a xestión de conflitos físicos e emocionais que poidan xurdir dentro e fóra das aulas, e no tempo de lecer no propio centro educativo; aprender ao alumnado a mediar neses posibles conflitos; favorecer de xeito natural a aplicación dunhas normas básicas que fomenten o respecto entre todos os membros da comunidade educativa entre outras medidas, sempre incentivando a colaboración entre o profesorado, o alumnado e toda a comunidade educativa que conforma o IES Sofía Casanova.

Por elo, consideramos que tanto o Programa CONVIVE-T, INCLÚE T e EMOCIONA T son fundamentais para conseguir na nosa Comunidade Educativa valores baseados na inclusión, convivencia e xestión das emocións.

### Obxectivos

1. Promover un axeitado clima de aula e de centro, considerando as relacións globais entre o profesorado, o alumnado e entre os dous colectivos.

2. Identificar as incidencias relacionadas coa convivencia e a inclusión no seo da comunidade educativa.

3. Promover medidas que fomenten a convivencia positiva e o desenvolvemento da competencia emocional.

4. Impulsar a participación colaborativa das familias e doutras institucións e entidades na mellora da convivencia escolar.

5. Estimular as competencias emocionais no alumnado.

**03. CONVIVE-T**

1. Desenvolvemento, coordinación e seguimento dos programas de mellora da convivencia recollidos no Plan de Acción Titorial do centro: programas de habilidades sociais, formación do alumnado mediador, etc¿

2. Facilitar tempos e espazos para a coordinación do profesorado implicado.

3. Implicación doutras institucións: concello de Ferrol, Asociación Aspanaes, Secretariado Xitano, etc.

4. Traballo nas titorías presenciais de 1º a 4º ESO para acadar os obxectivos anteriores, sempre en coordinación co Departamento de Orientación, tanto para traballar a convivencia como o benestar emocional, a través de materiais, vídeos, e actividades ideadas conxuntamente con este departamento.

**04. INCLÚE-T**

1. Proxectos pedagóxicos de centro tales como o Club de Novela Gráfica, Concurso de Fotografía Matemática, Club de Xadrez, Club de lectura, etc.

2. Actividades en colaboración con entidades que traballan na prevención de risco de exclusión social tales como a Fundación Secretariado Xitano.

3. Se fose posible, charlas e/ou obradoiros impartidos por SOS Racismo.

4. Escolas de familias: obradoiros de competencias socioemocionais, programa de fortalecemento familiar dirixido á Comunidade educativa de todo o concello, charlas e obradoiros de educación e diversidade sexual en colaboración con Planificación Familiar de Ferrol, Risco 0 do Colexio Médico de A Coruña, charlas e obradoiros sobre prevención e intervención ante problemas específicos de saúde mental.

**05. EMOCIÓNA-T**

**Medidas para o desenvolvemento desta modalidade**

1- Seleccionar persoal especializado do campo da psicoloxía terapeútica para desenvolver o programa.

Tras unha investigación inicial realizada por unha comisión específica creado ao efecto para esta liña formativa, seleccionaremos a mais de 2 profesionais e/ou equipo de psicólogos estudar seu proxecto de intervención.

Unha vez feita a selección...

2- Establecer unhas Xornadas iniciais para o profesorado e comunidade educativa cos seguintes obxectivos:

- Presentar o plan de traballo, contidos e metodoloxía a desenvolver nas xornadas co alumnado vulnerable deste apoio.
- Involucrar ás familias presentando todo tipo de intervencións cos seus fillos ante situación de desequilibrio emocional, convivencia familiar e análise de diferentes tipoloxías de casos.
- Estratexias prácticas para o profesorado para levar a cabo no centro dentro e fora da aula para axudar ao alumnado vulnerable. Estratexias para o profesorado para axudar ao seu propio equilibrio emocional nunha profesión de alta carga emocional.

3- Realizar o Proxecto específico de intervención co alumnado

En formato taller de máximo 12 alumnos en función das súas características faremos un número de grupo acorde a asignación orzamentaria intervindo nos

niveis educativos que ofrezan mais demanda. (O ano anterior intervimos a partir de 3º ESO)

4- Avaliar posteriormente o éxito do programa con todos os que recibiron as distintas liñas formativas

A través de distintos sistemas de compilación de resultados do programa

5- Investigar fórmulas de implantación de xeito permanente no centro por parte do profesorado e familias para o seguinte ano académico

**Implicación das familias e doutras entidades**

As Familias van a intervir da seguinte forma:

- Asistir ás Xornadas de formación inicial específicas para eles xa descritas nos puntos anteriores

- Intervir aportando toda a información específica trala intervención dos alumnos para ver o resultado do programa. Estableceremos uns mediadores entre o profesorado para facer o seguimento as familias.

A formación específica será realizada por un equipo de Psicólogos acreditados do campo da terapia familiar. Os seleccionados no ano 21-22 e 22-23 presentaron un currículum con amplísima formación neste campo e un Proxecto explicado ao detalle de que querían alcanzar con este Plan de atención emocional.

O profesorado ten aquí diversos roles:

-Mediadores alumnado familias para valorar o resultado do plan e resolver todo tipo de dificultades de comunicación, organizativas, etc..

- Recibir información específica para facer mediación específica co alumnado dentro das posibilidades que ofrece o campo educativo sin entrar no campo da terapia individual.

## Innova 2023/24

O curso pasado o centro xa estivo inmerso no Plan de Mellora, queremos seguir dándolle continuidade no curso 2023/24 para seguir traballando a través da lecto-escritura aspectos tan importantes como a creatividade, tolerancia, o diálogo o pensamento crítico e as habilidades colaborativas.

**Obxectivos**

1. Realizar, con axuda dun técnico coordinador da actividade, sesións de escritura e posta en común
2. Reflexionar e debater sobre o escrito e lido
3. Fomentar a conciencia de pertencer á comunidade, ás institucións e á historia das mesmas, e a tradición literaria occidental
4. Fomentar a capacidade de autoexpresión formativa e, ao tempo, de colaboración en liberdade e tolerancia

**02. EDUexcelencia. O centro docente como promotor da excelencia a través do afondamento nun ámbito de coñecemento.**

a) Medidas a desenvolver

Neste centro lévase realizando desde hai sete anos un Obradoiro de (micro) escritura, que ten por finalidade levar aos rapaces máis lectores a perder o medo a escribir e a expoñerse á lectura pública e á crítica construtiva. De maneira informal, dado que se trata dunha actividade extraescolar vencellada ao Club de lectura da biblioteca, introdúceselles no concepto de microxénero cunhas mínimas explicacións teóricas, unha ampla tipoloxía de referencia e algúns exemplos ilustrativos. A partires de aí o traballo avanza sustentado no grupo de alumnos interesados, de cursos diversos, que se reúnen todas as semanas para poñer en común e discutir os textos de (micro)xéneros variados que eles elaboran con tal fin.

O proxecto solicitado consistiría en implementar o carácter didáctico e os logros do grupo de traballo mediante a realización de varias actividades en liña coas

finalidades e a traxectoria do Obradoiro: a contratación dalgún escritor profesional con experiencia en cursos básicos de escritura creativa, escolas de escritores e similares, para que viñese ao centro a impartir docencia e organizase sesións prácticas de escritura e lecturas en común; algunha visita a obradoiros profesionais de prestixio da dita materia, ou algún museo literario, como incentivo á literatura a través do contacto coa vida e o contexto dos creadores ; a inscrición nalgunha actividade online de interese, en función dos gustos e necesidades dos alumnos; a gravación de podcasts e vídeos de sesións, tanto para a revisión reflexiva do propio grupo como para coñecemento de interesados.

No remate do curso contémplase tamén a edición dun libro a recoller unha escolma de textos, representativa do percorrido do Obradoiro, libro do cal se tirarían do prelo exemplares suficientes para os participantes e para a constancia na biblioteca do centro do conseguido na actividade. O libro tamén se colgaría en formato dixital na web.

b) Obxectivos

- Mellorar as capacidades lecto-escritoras e o traballo de investigación e imaxinación, tanto en grupo como individualmente.
- Practicar a cooperación e o desenvolvemento de hábitos de diálogo, crítica construtiva e tolerancia.
- Mellora da actitude ante a cultura e a consecución interactiva de coñecemento.
- Adquisición de saberes teóricos e prácticos sobre literatura.
- Mellorar a autoestima e a capacidade de solucionar problemáticas persoais derivadas da exposición pública á opinións alleas.

**04. EDUsostibilidade. O centro educativo comprometido cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS).**

a) Medidas a desenvolver

A materia de proxecto competencial e o marco idóneo para achegar o patrimonio artesanal galego aos alumnos de 2º de ESO para a súa valoración e conservación.

A proposta parte de coñecer e practicar diferentes oficios e técnicas artesanais de Galicia, tanto tradicionais como actuais para logo desenvolver proxectos persoais e colectivos empregando as destrezas adquiridas.

O coñecemento dos materiais como a arxila, o vimbio, as madeiras nobres, etc e o medio natural onde se obteñen, amosan tanto o respecto ao medio ambiente e as paisaxes como as comunidades e os pobos que xurdiron a partires destes oficios. Neste sentido será necesario colaborar con diferentes departamentos como debuxo, lingua galega, xeografía e historia e bioloxía.

O traballo coas mans axuda a centrar a atención e a calmar a mente axudando coa xestión das emocións, facilitando ademais a integración dos alumnos con necesidades educativas especiais e os alumnos estranxeiros acabados de chegar.

O orzamento destinarase a compra de materiais e a formación nas técnicas artesanais como cerámica, cestería, tecidos,etc. Visitaremos museos e faremos obradoiros no centro educativo onde os alumnos podan coñecer e practicar as técnicas artesanais con mestres artesáns que nos formen na práctica das técnicas do seus oficios.

O proxecto desenvolverase en tres fases:

1ª Coñecemento do patrimonio artesanal galego, visitas a museos e obradoiros artesanais.

2ª Adquisición de técnicas e habilidades necesarias para a creación de pequenos obxectos artesáns de xeito individual.

3ª Realización dun proxecto colectivo empregando residuos e materiais aproveitados ou atopados nas praias e que teña impacto na comunidade a través da colaboración coa biblioteca do centro e o seu programa de voluntariado.

g) Compromisos

- mellorar a creatividade e a imaxinación buscando solucións a retos individuais ou colectivos

- aumentar a tolerancia a frustración e a perseveranza mediante o esforzo de facer e desfacer ao aprender as técnicas

- practicar o traballo colaborativo e o respecto as producións dos demais

- coñecer e valorar e preservar o patrimonio cultural artesanal galego

- mellorar a autoestima e aprender a canalizar as emocións mediante a creación de obxectos coas mans

- fomentar o consumo responsable valorando a calidade do ben feito fronte a cultura de usar y tirar

- apreciar a importancia do impacto dos nosos actos no medio natural e na comunidade

h) Profesorado implicado

- Departamento de Debuxo
- Departamento de Lingua Galega
- Departamento de Xeografía e Historia
- Orientación
- Biblioteca

## Plan director para a Convivencia e Mellora da Seguridade Escolar

### Obxectivos

1. Responder de xeito coordinado e eficaz as cuestións relacionadas coa seguridade de menores e mozos/as na escola e os seu entorno.

2. Mellorar o coñecemento dos menores e mozos/as sobre os recursos policiais para a prevención da delincuencia e protección das vítimas.

3. Contribuír a formar ao alumnado no respeto aos dereitos e liberdades fundamentais, e nos valores de dignidade e igualdade entre homes e mulleres.

### Medidas que se van desenvolver

Realización de conferencias e actividades no centro dirixidas ao alumnado impartidas polos membros dos Corpos de Seguridade sobre as seguintes temáticas:

- Acoso escolar.
- Consumo e tráfico de estupefacientes.
- Consumo de alcohol.
- Violencia contra a comunidade escolar e os centros (furtos, roubos, vandalismo, etc.).
- Actividade de grupos o bandas violentas de carácter xuvenil.
- Acoso, abusos e agresións sexuais.
- Maltrato no ámbito familiar.
- Violencia sobre a muller e discriminación por razón de sexo u orientación sexual.
- Riscos asociados ao uso de Internet e as novas tecnoloxías.
- Comportamentos racistas e xenófobos.

A finalidade destas charlas e dar información xeral sobre os problemas de seguridade que implican maior risco para os menores e mozos/as, buscando mellorar o seu coñecemento e a adquisición de pautas de detección dos comportamentos e actitudes que manifestan a xuventude que a padecen.

Mª Teresa Sebio Puñal, directora do IES Sofía Casanova de Ferrol

**FAGO CONSTAR:**

1. Que o Claustro de profesores do centro aprobou o Capítulo III da Programación Xeral Anual, na sesión celebrada o día 14 de novembro de 2023,
2. Que o Consello escolar aprobou o Capítulo III da Programación Xeral Anual, sen prexuízo das competencias do Claustro de profesores, na sesión celebrada o día 14 de novembro de 2023.

Ferrol, 15 de novembro de 2023

Asinado por: ***4028** MARÍA TERESA SEBIO (R: ****5397*)
Cargo: Directora do IES Sofía Casanova
Data: 15/11/2023